



---

# DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Número 114

IV lexislatura

Serie Pleno

---

## Sesión plenaria

9 de outubro de 1996

Presidencia do Excmo. Sr. D. Victorino Núñez Rodríguez

---

### ORDE DO DÍA

---

**(Continuación):**

**Punto único.-**

Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñe-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución (doc. núm. 11.328).

## SUMARIO

*Reiníciase a sesión ás catro e corenta minutos da tarde.*

**Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñe-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución.** (Punto único da orde do día) (continuación).

*O Sr. presidente dá conta das propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios (páx. 7230).*

*Defensa das propostas de resolución: Sr. Beiras Torrado (BNG) (páx. 7230), Sr. Cortizo Nieto (S) (páx. 7236) e Sr. González Suárez (P) (páx. 7242).*

*Suspéndese a sesión ás seis da tarde e reiníciase ás sete e corenta minutos da tarde.*

*Rolda de grupos para fixar posicións respecto das propostas de resolución dos demais: Sr. Suárez Canal (BNG) (páx. 7244), Sr. Ventoso Mariño (S) (páx. 7246) e Sr. González Suárez (P) (páx. 7247).*

*O Sr. Suárez Canal (BNG) intervén para unha cuestión de orde (páx. 7249).*

*O Sr. Ventoso Mariño (S) intervén para aclaracións e para unha cuestión de orde (páx. 7249).*

*Votación das propostas de resolución núms. 2, 26, 41, 83, 101, 104, 112 e 115 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: aprobadas por unanimidade (páx. 7249).*

*O Sr. Suárez Canal (BNG) intervén para unha cuestión de orde (páx. 7250).*

*Votación das propostas de resolución núms. 105 e 118 transaccionadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: aprobadas por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención (páx. 7250).*

*Votación das propostas de resolución núms. 88, 90, 110 e 111 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: rexeitadas por 13 votos a favor, 39 en contra e 18 abstencións (páx. 7250).*

*Votación da proposta de resolución núm. 95 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: aprobada por 50 votos a favor, 2 en contra e 19 abstencións (páx. 7250).*

*Votación das propostas de resolución núms. 47, 48, 69 e 86 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: rexeitadas por 13 votos a favor, 58 en contra e ningunha abstención (páx. 7250).*

*Votación das propostas de resolución núms. 113, 114 e 116 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención (páx. 7250).*

*Votación da proposta de resolución núm. 65 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención (páx. 7250).*

*Votación das propostas de resolución núms. 20 e 84 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención (páx. 7250).*

*Votación das propostas de resolución núms. 1, 3, 8, 11, 13, 23, 27, 37, 40, 49, 52, 63 e 73 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: rexeitadas por 13 votos a favor, 39 en contra e 19 abstencións (páx. 7250).*

7251).

Votación das propostas de resolución 1 á 118 (agás a 75) do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención (páx. 7251).*

*O Sr. Suárez Canal (BNG) intervéñ para unha cuestión de orde (páx. 7251).*

*O Sr. presidente recorda á Cámara a solicitude do G.P. Popular de Galicia da votación separada das propostas de resolución núms. 21, 38, 43, e 45 transaccionadas do G.P. dos Socialistas de Galicia (páx. 7251).*

Votación da proposta de resolución núm. 2 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 19 votos a favor, 51 en contra e ningunha abstención (páx. 7251).*

Votación das propostas de resolución núms. 18, 33 e 39 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 19 votos a favor, 39 en contra e 13 abstencións (páx. 7251).*

Votación do apartado a) co encabezamento da proposta de resolución núm. 20 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 19 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención (páx. 7251).*

Votación do apartado b) co encabezamento da proposta de resolución núm. 20 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención (páx. 7252).*

Votación das propostas de resolución núms. 21, 38 e 43 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *aprobadas por unanimidade (páx. 7252).*

*O Sr. Ventoso Mariño (S) le o texto transaccionado da proposta de resolución núm. 45 do G.P. dos Socialistas de Galicia (páx. 7252).*

Votación da proposta de resolución núm. 45 transaccionada do G.P. dos Socialistas de Galicia: *aprobada por unanimidade (páx. 7252).*

*O Sr. Suárez Canal (BNG) intervéñ para unha cuestión de orde (páx. 7252).*

Votación das propostas de resolución núms. 6, 9 e 11 transaccionadas do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención (páx. 7252).*

*O Sr. Suárez Canal (BNG) (páx. 7253), o Sr. Ventoso Mariño (S) (páx. 7253), o Sr. González Suárez (P) (páx. 7253), o Sr. Suárez Canal (BNG) (páx. 7253), o Sr. González Suárez (P) (páx. 7253) e o Sr. Ventoso Mariño (S) (páx. 7253) interveñen para unha cuestión de orde.*

Votación da proposta de resolución núm. 1 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por unanimidade (páx. 7253).*

Votación da proposta de resolución núm. 2 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 50 votos a favor, ningún en contra e 19 abstencións (páx. 7254).*

Votación da proposta de resolución núm. 3 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 38 votos a favor, ningún en contra e 32 abstencións (páx. 7254).*

Votación da proposta de resolución núm. 4 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 38 votos a favor, 18 en contra e 13 abstencións (páx. 7254).*

*O Sr. presidente intervéñ para indicar que a votación será a man alzada (páx. 7254).*

Votación da proposta de resolución núm. 5 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por unanimidade* (páx. 7254).

Votación da proposta de resolución núm. 6 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 39 votos a favor, 19 en contra e 13 abstencións* (páx. 7254).

Votación da proposta de resolución núm. 7 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 39 votos a favor, 19 en contra e 13 abstencións* (páx. 7254).

Votación da proposta de resolución núm. 8 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 39 votos a favor, 19 en contra e 13 abstencións* (páx. 7254).

Votación da proposta de resolución núm. 9 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención* (páx. 7254).

Votación da proposta de resolución núm. 10 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención* (páx. 7254).

Votación da proposta de resolución núm. 11 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 39 votos a favor, 19 en contra e 13 abstencións* (páx. 7255).

Votación da proposta de resolución núm. 12 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 58 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións* (páx. 7255).

Votación da proposta de resolución núm. 13 do G.P. Popular de Galicia de Galicia: *aprobada por unanimidade* (páx. 7255).

Votación da proposta de resolución núm. 14 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 52 votos a favor, ningún en contra e 19 abstencións* (páx. 7255).

Votación da proposta de resolución núm. 17 do G.P. Popular de Galicia, *aprobada por 58 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións* (páx. 7255).

Votación da proposta de resolución núm. 19 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por unanimidade* (páx. 7255).

Votación da proposta de resolución núm. 22 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 58 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións* (páx. 7255).

Votación da proposta de resolución núm. 23 do G.P. Popular de Galicia: *rexeitada por 58 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións* (páx. 7255).

Votación da proposta de resolución núm. 24 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por unanimidade* (páx. 7255).

O Sr. presidente le o texto da proposta de resolución núm. 15 transaccionada (páx. 7255).

Votación da proposta de resolución núm. 15 Transaccional, do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 52 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións* (páx. 7255).

O Sr. Ventoso Mariño (S) (páx. 7256) e o Sr. Suárez Canal (BNG) (páx. 7256) interveñen para unha cuestión de orde (páx. 7256).

Segunda votación da emenda núm. 15 transaccionada do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por unanimidade* (páx. 7256).

*O Sr. Suárez Canal (BNG) intervén para unha cuestión de orde (páx. 7256).*

*Votación da proposta de resolución núm. 16 transaccionada do G.P. Popular de Galicia: aprobada por unanimidade (páx. 7256).*

*Votación da proposta de resolución núm. 18 transaccionada do G.P. Popular de Galicia: aprobada por unanimidade (páx. 7257).*

*Votación da proposta de resolución núm. 20 transaccionada do G.P. Popular de Galicia: aprobada por unanimidade (páx. 7257).*

*O Sr. Ventoso Mariño (S) intervén para unha cuestión de orde (páx. 7257).*

*Votación da proposta de resolución núm. 21 transaccionada do G.P. Popular de Galicia: aprobada por unanimidade (páx. 7257).*

*Levántase a sesión ás oito e cincuenta e cinco minutos da tarde.*

*Reiníciase a sesión ás catro e corenta minutos da tarde.*

*Preside o presidente do Parlamento, acompañado do vicepresidente primeiro e do vicesecretario da Mesa, que é asistida polo oficial maior e a letrada señora López Carro.*

*Ocupa o banco do Goberno o presidente da Xunta de Galicia, acompañado do conselleiro da Presidencia e Administración Pública; de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda; de Educación e Ordenación Universitaria; de Cultura e Comunicación Social e da conselleira de Familia, Muller e Xuventude.*

#### **DEBATE DE POLÍTICA XERAL: INFORME DO EXCMO. SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, DEBATE E PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN (CONTINUACIÓN).**

**O señor PRESIDENTE:** Conforme co acordado e co anunciado a esta Cámara ata as 12 da mañá, estivo aberto o prazo para a presentación de propostas de resolución polos grupos parlamentarios.

Esta mesma mañá, a Mesa do Parlamento procedeu á cualificación dos documentos presentados, resultando deles que se declaran congruentes 117 propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e que se anula a número 75 por duplicidade coa 39, que, evidentemente, é un simple erro material.

Con respecto ás do Grupo Parlamentario Socialista, decláranse congruentes as 45 presentadas.

E con respecto ó Grupo Popular, decláranse congruentes e admítense a trámite as 24 propostas formuladas.

Neste momento procede, ó reabri-la sesión, dárllle-la palabra ós grupos parlamentarios para a presentación e defensa das súas respectivas propostas de resolución.

Para este fin, ten, en primeiro lugar, a palabra o voceiro do Grupo Parlamentario do BNG, señor Beiras Torrado.

**O señor BEIRAS TORRADO:** Señor presidente, señorías, a presentación de propostas de resolución corresponde ou é congruente coa tarefa de impulso ó Goberno que lle corresponde á Cámara de deputados ó longo de toda a lexislatura, pero está cualificada, se se quere, nesta ocasión, cando ten lugar o debate sobre o estado da Autonomía, pola índole do debate e polo feito singular de que se trata, polo tanto, de: unha vez feito o balance de cá foi a actividade do Goberno, que os grupos parlamentarios expresen, a través de propostas de resolución, aquelas cuestións que lles parece máis importante que se tomen en consideración, que consideren que non son tomadas en consideración suficientemente ou que son carencias ou ausencias na acción realizada do Goberno ata o momento.

Digo isto, porque isto dá lugar a que o BNG confectionase unha serie de iniciativas. Podíamos escollle-lo criterio de presentar dúas, ou tres, ou catro, ou cinco, simplemente de carácter simbólico, ou testemuña-lo emblemático, pero preferimos facer un repertorio relativamente amplo que agrupamos da maneira que lles expoñerei ás súas señorías de inmediato.

Quero deixar ben claro, que isto non suple ou non se subroga no lugar que lle corresponde a unha alternativa programática de goberno do Bloque Nacionalista Galego. En todo caso, é congruente con aspectos, materias ou liñas de actuación contempladas polo BNG como formando parte integrada ou congruente coa súa alternativa programática de goberno para o caso de que lle correspondese gobernar -que non é o caso, neste momento, por suposto-, pero non constitúen unha mostra nin unha representación nun programa de goberno. Para unha alternativa de Goberno xa haberá tempo de falarlle a esta Cámara.

Pero como onte o señor conselleiro da Presidencia, actuando daquela en función, polo menos eventual, de portavoz do Grupo Parlamentario do PP, ou Popular, desde esta tribuna emprazou ó BNG, e a min como portavoz, para que explicasemos cáles eran as nosas posicións sobre os problemas cruciais deste país -cando nós estamos aquí para que nos expliquen eles o que fan e nós sometelas a crítica-, e como non había posibilidade de darlle resposta nese debate nin no precedente, nin hoxe o vou facer porque insisto en que

isto non é a alternativa programática do BNG, eu emprazo desde aquí ó señor conselleiro de Comunicación e Cultura para que nos medios de comunicación públicos autonómicos dea as ordes oportunas, ou as instrucións oportunas, ou as suxestións oportunas, para que se habiliten os espazos suficientes para que este portavoz e o portavoz do Grupo dos Socialistas, ou sexa, os portavoces, pero neste caso teño que falar polo BNG, entón, para que este portavoz do BNG, do Grupo Parlamentario do BNG, dispoña da frecuencia de espazos suficientes para dar cumprida satisfacción ás necesidades que experimenta a información do señor don Dositeo Rodríguez, e seica, polo tanto, como fala en nome do Grupo Popular, ó Grupo Popular e tamén ó Goberno do señor Fraga. Especialmente, se temos en conta que aínda moi recentemente tivo lugar todo o proceso de discusión a nivel de Estado e de aprobación finalmente de nada menos que o modelo de financiamento das autonomías, e nós fomos incapaces de conseguir -nós digo, polo menos, o BNG e cónstame que tamén o Grupo dos Socialistas de Galicia neste Parlamento- que houbera unha comparecencia do presidente da Xunta para informar sobre o asunto antes ou despois, e incluso non conseguimos que nin sequera houbera un debate en Pleno da Cámara do modelo de financiamento.

Polo tanto, xa que nesta Cámara non hai tempo para que o presidente acuda, non hai tempo para facelos debates, non só o debate do estado da Autonomía cada ano, senón os debates sobre temas cruciais a medida que van xurdindo os problemas cruciais -parece que non hai tempo nin dispoñibilidade de Goberno para que haxa estes debates-, entón, emprazo, insisto, ó señor conselleiro de Comunicación e Cultura para que nos medios de comunicación públicos galegos se apliquen os espazos suficientes para que deamos cumprida satisfacción, xa non ás necesidades de información dos cidadáns, senón ós requirimentos e esixencias do propio señor conselleiro da Presidencia e onte portavoz eventual do grupo parlamentario, e se non que non volvan abri-la boca para dicilas cousas que dixeron onte. ¿Estamos?

Dito isto, vou indicar, de maneira, por unha banda, metodoloxicamente congruente e, por outra banda, dunha maneira simplemente *muestral* -como se di na estatística-, os contidos e o repertorio de temáticas que son obxecto de iniciativas en forma de propostas

de resolución polo BNG. Para efectos de sistematicidade, de metodoloxía, están agrupadas por nós, aínda que non consta a numeración no Rexistro, por suposto, como é lóxico, da seguinte maneira:

Iniciativas relativas a cuestións claves e globais da economía galega no contexto actual e dos sectores productivos básicos, cun engadido ou suplemento respecto dun sector moi específico, como veremos.

Por outra banda, as relativas ó modelo de financiamento das autonomías, aínda que foi debatido, pero non en Pleno e, ademais, estamos para presentar propostas de resolución.

Logo, as relativas a dous servizos públicos claves, que son Educación e Sanidade.

Despois, as relativas a toda unha serie de temáticas que se refiren a medioambiente, a sectores sociais que precisan unha atención xenuína e específica, ós servizos sociais no seu conxunto, se se quere, ou ó que poderíamos denomina-la temática do benestar social ou do estado do benestar, referíndonos ó modelo adecuado, claro.

Por outra banda, as relativas ós temas do proceso de reforzamento e recuperación na práctica social, cultural, etc., institucional do país, da identidade propia -iso que don Manuel Fraga Iribarne insiste en chama-la autoidentificación ou a identificación en auto-, e que, polo tanto, é o fortalecemento da nosa propia identidade, que é un proceso de galeguización, se se quere.

Por outra banda, algunhas iniciativas sobre cuestións institucionais; e algunhas en temática cultural, e moi singularmente en patrimonio artístico, xa que se acaba de aprobar nesta Cámara unha lei.

E outra moi singular, moi específica, que é outro apartado, que se refire á problemática da muller, xa que tamén houbo unha presenza das deputadas desta Cámara -como deputadas desta Cámara e, polo tanto, desta Cámara, xa que tanto a representan as deputadas coma os deputados- no Congreso Mundial de Pequín hai pouco tempo. Hai unha serie de cuestións que están en curso de traballo parlamentario, nunha Comisión especial que, por certo, non se distingue, precisamente, nin pola súa celeridade nin polo ritmo

de convocatoria nin polo ritmo de traballo que leva, a pesar dos esforzos dalgunhas das membros desa Comisión.

Están tamén as relativas ós sectores productivos básicos e ás cuestións económicas xerais. Hai unha intención por parte do BNG de que, por unha banda, se revisen as condicións da integración na Comunidade Europea en cuestións que atinxen vitalmente ós sectores pesqueiro, agrogandeiro e industrial, e singularmente dentro deste, á construción naval e á industria conserveira, pero incluíndo, ademais, se é o caso, o establecemento de cláusulas de excepcionalidade para a defensa dos sectores de base de exportación e ramos que constitúen especialidades productivas primordiais da economía galega, etc. Que a Xunta reclame iso.

E quero recordarlles ós señores deputados que o Estado alemán actual, con motivo ou co pretexto da reunificación alemana, obtivo cláusulas de excepcionalidade para o sector naval e para a recuperación dos estaleiros da DDR. Polo tanto, supoño que seremos tan europeos nós coma os alemáns, incluídos os que entraron pola porta falsa, é dicir, a DDR, que entrou sen que ese estado asinase un tratado directamente coa Unión Europea. Aumentouse un estado só pretexto dunha reunificación, pero non imos tratar agora de política internacional. Está claro que se os galegos non somos de terceira, cuarta ou quinta categoría, terémolo mesmo dereito sendo *los pobres del mundo occidental* que *los ricos del mundo* en canto uns pobres, ou menos ricos, teñen que entrar -fálolles en español para que lles entendan en Madrid-. Cuestión clave.

En segundo lugar, un plan de emprego. Xa que esta Xunta non ten unha Consellería de Traballo, polo menos que faga un plan de emprego, para que as diversas consellerías que teñen que tratar da temática laboral saiban de qué vai o asunto e se poidan coordinar minimamente.

En terceiro lugar, a defensa das empresas públicas en Galicia, e non por seren públicas, senón porque son vitais para Galicia e porque se non son públicas desaparecerán ou serán sometidas a ese xogo de intereses que chaman vostedes competitividade, pero que, en definitiva, non é máis có xogo da especula-

ción entre segmentos do capital para faceren o que mellor lles pareza os que máis poidan e, polo tanto, quedan condenadas a que as decisións se tomen absolutamente á marxe dos intereses de Galicia.

A ver se entende dunha vez, señor Rodríguez -xa que estou falando de algo que vostede me preguntou; non lle pido que atenda, digo que entenda, que é distindo-, que cando nós defendémo-la empresa pública en Galicia facémolo porque defendémo-lo aparello productivo galego, e está claro que se unha factoría en Galicia pertence a unha empresa que ten a súa sede en Róterdam ou en París ou en Londres ou en Nova York, votedes, como Goberno galego, non teñen absolutamente nada que facer respecto das decisións que tome, e, polo tanto, a economía galega e o seu armazón productivo sofre as consecuencias sen máis, mentres que se hai un tecido de empresa pública galega feito racionalmente e rendiblemente si que o poder político -que para algo o elixen democraticamente os cidadáns, para velar polos seus intereses- terá algo que dicir e poderá que influir na xestión de nódulos clave do aparello productivo da propia Galicia, do que depende o benestar dos galegos. Logo non haberá que tirarse dos pelos por cousas que acontecen doutro xeito.

Non sei se entendería o razoamento, pero dáme igual, confío en que o resto da Cámara si que o entendera, porque, evidentemente, estou convencido de que teñen tanto nivel coma min para enténdelo. O que fai falta é te-la vontade de entender.

Un plan galego de investimento e desenvolvemento tecnolóxico. Insistimos en que se poña en marcha, que se aprobe o plan. É a número 17. Di: "Que no transcurso do presente ano resulte aprobado o Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, realizando xa as oportunas asignacións nos orzamentos de 1997". Polo tanto, ese é outro aspecto da cuestión. Hai que ser competitivos. Póñase a andar dunha vez o Plan de investigación para o desenvolvemento tecnolóxico.

Outra relativa ás tarifas de enerxía. Que, polo tanto, haxa un diferencial. É algo que vimos defendendo hai tempo. Nós xornais saíu, no medio deste bulebole do verán e do posverán, que as empresas eléctricas privadas, sobre todo coa privatización do sector público e eléctrico, entre outras cousas poderían baixa-las

tarifas. Veremos se é certo. Pero, entón, baixarán para todo o Estado e non teremos tampouco vantaxe comparativa. Se van facer plans eólicos, parques eólicos, a ver se tamén aí os efectos do impacto ambiental, do impacto paisaxístico e demais historias que causen polo menos son compensados por un diferencial nas tarifas.

En canto ó sector pesqueiro, en primeiro lugar, que elabore a Xunta un plan de pesca en augas exteriores. Sabemos que a pesca en augas internacionais non é competencia da Xunta, pero iso non lle impide elaborar un plan, te-lo seu criterio propio, te-lo seu propio plan. E agora que teñen un goberno amigo en Madrid, poden presentarllo para que diga: “Vai á misa porque o fixestes vós, que sodes amiguísimos nosos”. É indispensable. Facíllelle-lo traballo ós seus compañeiros de Madrid; ós seus colegas de Madrid; déanlle-lo plan feito e eles simplemente que o asinen. Para iso están os amigos; están para esas cousas, para asinalo que se lles pon.

Que a Xunta, tamén a través do Goberno do Estado español, reclame a posición clarísima e rotunda en contra do informe Lassen; ou sexa, da adopción do informe Lassen na Comunidade Europea, que sería letal para o noso país nos intereses pesqueiros.

Están tamén as iniciativas relativas á cuestión NAFO -renegociacións-, ós acordos con terceiros estados, Namibia, Malvinas, etc., as da flota bacalladeira nas Svalbard, e mesmo tamén propoñemos que a Xunta poña en marcha todo un programa de investigación de novos caladoiros.

Hai outras relativas ás investigacións ós afectados da flota de Marrocos. Os do banco sahariano, mentres, xa se ve na situación que están. O Goberno do Estado, de entrada, dixo que non indemnizaría. Hai que reclamar que se indemnice. *El Gobierno enemigo anterior estaba por indemnizar*. Inimigos seus; falta dicir se eran inimigos da flota do sahariano.

Unha lei de bases para o desenvolvemento do sector pesqueiro-marisqueiro. A reclamación dun plan de financiamento polo Estado para a renovación da flota e infraestruturas pesqueiras de apoio con participación da banca oficial estatal -aquí non hai banco oficial, vostedes non queren- e, así mesmo, un plan de renovación da flota galega en si mesma.

Un plan de recuperación de recursos en augas litorais, etc., etc. Que no Estado se proceda a unha reforma do regulamento dos mercados pesqueiros -cuestión fundamental- para evitar que siga indo o seu valor engadido no sector pesqueiro fundamentalmente a través dos intermediarios -a regulación dos mercados dos produtos pesqueiros-. É fundamental tamén para poñer orde en toda a invasión dos produtos pesqueiros. Nós seguimos aparecendo como a rexión noroeste en pesca. Nunca se sabe cáles son as cifras galegas e as non galegas. Ben, pois que o fiasco que está por aí montado se poida ordenar un pouco. Así como a existencia ó Estado de que o control sanitario das importacións de produtos pesqueiros e marisqueiros se faga coas mesmas condicións legais que se lles aplican ós produtos galegos. E que acabemos con esta historia de que mentres ós mexilloeiros non se lles deixe comercializar porque tal, poida entra-lo mexillón non se sabe de onde, porque do Estado para fóra non se poñen as existencias. Xogamos contra os da casa. Pois, deixemos de xogar contra os de casa, que o Estado deixe de xogar contra os de casa e que o Goberno amigo bote unha man.

No sector agrogandeiro, a reclamación de que non haxa límites ás producións agrarias. Nós esiximos que, no contexto europeo, Galicia sexa considerada como un país que ten historicamente a súa especialización productiva fundamentalmente, por exemplo, en pesca e en agricultura. Polo tanto, hai que ter en conta iso porque non imos competir con eles noutras cousas. Se non imos competir con eles noutras cousas, polo menos hai que esixir que non nos decapiten o desenvolvemento de sectores cruciais, estratéxicos, socialmente vitais, economicamente vitais, para a economía galega. Así que, nada de limitacións.

Eu podo acepta-la teoría de que non nos queda máis remedio que estar en Europa, e desta maneira, a teoría do señor Fraga, na Europa do Tratado de Maastricht. Podo aceptar esas cousas. O que non podo aceptar é que iso signifique que entremos en Europa sen ningunha clase de dereitos na nosa propia defensa. Entón, para iso, hai que cuestionarse se hai que estar en Europa, digo eu. Repito o que dixen unha vez: a ver se hai un seísmo, como o da *jangada* de pedra - así comeza a famosa novela de Saramago-, e este, como no caso de Saramago, empeza a produci-la creba polos Pirineos e toda a península ibérica se converte

nunha *jangada* de pedra que se despraza polo océano 200 millas máis alá. Ben, pois que sexa por Pedrafita, e así temos 200 millas territoriais en plena plataforma continental, ¡negocio redondo! Confío en que esta vez se comprenda que é en clave de humor o que estou a dicir, e que non saian mañá dicindo vostedes que Beiras o que propugnou aquí foi o separatismo, *incluso geofísico, tectónico y geológico*; que o Bloque chegou a tal extremo no paroxismo separatista que xa o que propugna é que haxa un pregamento terciario, outra vez alpino ou neoalpino, e que Galicia rache por Pedrafita e se desprace 300 millas. Son capaces. O señor Rodríguez é especialista en entender as cousas desa maneira, e pode contalas, vanllo crer.

Evidentemente, hai dúas iniciativas, a 48 e a 65, contra as cotas do leite e a supertaxa, e outra relativa ás condicións contra o pago da supertaxa. Imos ver, vouna buscar para que logo non haxa ningunha clase de erro. A 48 di: “Apoia-lo grupo lácteo galego e as cooperativas do sector lácteo de Galicia para evita-la aplicación das cotas do leite e o correspondente pago da supertaxa, que produciría desfeitas, etc., etc.”

A 65 di que a Xunta reclame do Goberno central non esixírlle-lo pago da supertaxa correspondente á campaña 1995-96 ós gandeiros e, en consecuencia, non remiti-las comunicacións ós compradores de leite. Tamén considera-la campaña 1996-97 incluída dentro dun período transitorio, mediante o cal non se lles esixirá o pago da supertaxa ós gandeiros, e tomar-las medidas legais necesarias para eximi-los primeiros compradores da responsabilidade do cobro da supertaxa.

Ademais diso, hai unha iniciativa sobre un plan de desenvolvemento da gandería, sobre un plan de recuperación de razas autóctonas: de vacún e tamén doutras, de ovino, de caprino e mesmo de cabalar. E outra para a creación dunha asociación interprofesional de produtores de carne de vacún, etc., etc.

En cuestión forestal, falamos da creación dunha empresa pública de silvicultura, sen expropia-los montes e sen varrer do mapa nin ilegaliza-las empresas privadas de silvicultura que existan. ¿Entendeu, señor Rodríguez? ¿Ou foi buscar asesoramento fóra? Foi buscar asesoramento fóra. E tamén da elaboración -xa trae o asesoramento- dun deseño de política

forestal alternativo e que, polo tanto, sirva de baluarte fronte ós plans da Unión Europea. Agora xa son tres asesoramentos ¡Ah! non, hai grupos de asesoramento múltiples. Dicían que non crían que era hegélmo iso do cerebro colectivo. Xa temos varios cerebros colectivos funcionanando e, a medida que pase a sesión, van ir funcionando máis. Hai tres cerebros colectivos; o que pasa é que non sei se suman ou restan os membros.

Tamén unha iniciativa contra a política de fomento de arranque das videiras ou das viñas.

Vou abreviar moito, facendo fincapé nalgunhas cuestións claves dos outros feixes ou mollos de iniciativas que enumerei ó comezo.

En política institucional facemos unha iniciativa que nos parece fundamental respecto da Radio e Televisión galegas, para que eliminen calquera práctica censorial das súas programacións e emisións, elaboren informativos e programas que poñan ó servizo a pluralidade social e a política social galega, que reflectan nos telexornais e demais espazos informativos a imaxe cabal do que se produce nas institucións públicas, nomeadamente no Parlamento galego, sen ocultamentos, restricións de tempo, etc., e que se inauguren en espazos específicos o debate político. Xa dixen pola miña conta que pedía o que xa saben vostedes, porque acabo de explicalo.

Outra inicitiva refírese ás fundacións, se a Xunta establece o criterio de redución drástica da política de creación de fundacións -se queren vostedes dicímolo doutra maneira-.

Outra refírese a unha política de austeridade, sobre todo reducindo libres designacións e persoal de gabinete cando menos nun 20%, que non é moito. Que se reduzan ó 50% os gastos da Xunta dedicados a publicidade, o 50% dos gastos da Xunta dedicados a estudos -supostos estudos- e que se reduza a contratación das asistencias técnicas coa asunción dos traballos desenvolvidos polo menos por parte dos funcionarios. É dicir, en vez da externalización, *la internalización*. Á fin e ó cabo, chégase ó mesmo punto de confluencia na dirección A que na recíproca ou inversa dirección B. Vostedes pasáronse na externalización. Agora teñen que facer un pouquiño de internalización, porque se non vanse externalizar vostedes

mesmos, e externalizarse vostedes mesmos significa alienarse definitivamente. Entón, non sei en qué pode acaba-lo seu negocio.

E que o presidente da Xunta compareza de cando en vez na Cámara, con certa frecuencia, para responder a preguntas ou interpelacións que formule a oposición. O seu Goberno amigo antes de ser goberno reclamábao nas Cortes do Estado sistematicamente e o presidente do Goberno inimigo aceptou e comparecía semanalmente. Vostede nin semanalmente nin bimensualmente. E isto si que teño que dicirlo por se vostede non o sabe porque, ó mellor, non o informan. Unha actitude sistemática do Grupo Popular na Xunta de Portavoces desta Cámara é negarse, veta-la inclusión na orde do día do Pleno de peticións de comparecencias de vostede. De maneira, que o veto á inclusión nesa orde do día dese Pleno, reiterado sistematicamente, constitúe unha anulación na práctica do dereito dos grupos parlamentarios, que o teñen polo Regulamento -aquele, non o noso-, a que vostede teña que comparecer ou os membros do Goberno. Polo menos conteste a algunha pregunta á parte do día deste debate.

En patrimonio non pedimos gran cousa neste momento; non propoñemos máis có seguinte: primeiro, a elaboración dun catálogo de bens de interese cultural. É fundamental como desenvolvemento da Lei de patrimonio cultural de Galicia. Tamén un plan para a rehabilitación de vivendas dos núcleos históricos de Galicia declarados ben de interese cultural e a creación do Servizo de Inspección do Patrimonio Histórico Artístico previsto na Lei de patrimonio cultural, porque se non de pouco valerá a lei para efectos da conservación do patrimonio.

E unha pequena cousa que ten que ver con Cultura e Comunicación, etc. -dá igual, xa sentou, hoxe non ten o teléfono- é que nas publicacións financiadas e subsidiadas pola Xunta de Galicia se favoreza a impresión no sector de empresas gráficas reeditadas no país. Hai entidades privadas e minúsculas ás veces de edición que están facendo o esforzo desde hai anos de que o proceso de confección material dos libros se faga dentro de Galicia, mentres que a Xunta abusa de imprimilo fóra; co cal, en vez de contribuír á consolidación dun sector de artes gráficas, contribúe ó contrario.

Hai algo fundamental no que se refire á educación. Para empezar é fundamental a resolución número 5, que se refire a que a Xunta aborde con carácter inmediato un plan de ordenación do sistema educativo galego. Existe unha lei de ordenación do sistema universitario, pero é necesario un plan de ordenación do sistema educativo que considere a materialización da rede de centros con carácter vertebrador do desenvolvemento socioeconómico e comarcal de Galicia; a creación das prazas necesarias para o desenvolvemento do sistema educativo galego; a dotación real das infraestructuras, etc.; a realización dun plan galego de formación do profesor non universitario que inclúa a formación como un dereito, etc.; e desenvolve-lo título V da LOXSE con medidas específicas para rebaixar substancialmente o material escolar e os textos educativos.

Hai outra que se refire a darlle prioridade ó ensino público dunha vez. Vostede, señor conselleiro, non é o responsable porque non estaba, pero chega aquí nunha situación na que xa está por riba, en cifras, o ensino privado sobre o público en Galicia. Nun país da estrutura social deste, nun país da estrutura económica deste, dos niveis de ingresos deste, iso é unha aberración total e absoluta; iso é viola-lo precepto constitucional da igualdade de dereitos dos cidadáns á educación absolutamente, e é unha dilapidación dos fondos públicos.

Polo tanto, polo menos, en tódolos casos para a escolarización dos alumnos galegos, que os centros públicos teñan carácter prioritario antes de subvencionar unidades educativas en centros privados. Unha cousa é recoñece-lo dereito ó ensino privado e outra cousa é fomentar sistematicamente con fondos públicos o desenvolvemento, a expansión do segmento privado do ensino a custa do público. Iso é un atentado contra os delitos constitucionais.

E outra relativa á ESO, que é a que di simplemente que a Xunta desenvolverá a orde da implantación da educación primaria, de xeito que tódolos centros teñan a oferta de materias que a legalidade presenta e que cumprirá a legalidade vixente dotando os centros educativos dos requisitos que recolle o Real decreto 1.004/1991. Onte, eu mencionei esa temática; polo tanto, xa non teño que explicala máis.

Para rematar, se me permite o señor presidente, quixera mencionar un par de cuestións que, non por deixalas para o remate, son menos relevantes. Unha é a relativa ós dereitos das mulleres: “A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, preverá un plano de promoción laboral para as mulleres”. Menos *cursitos* e máis promoción laboral. Menos *cursitos de costura, sus labores y cosas por el estilo* e máis promoción laboral das mulleres; un plan de promoción laboral para mulleres, con vista á súa integración no mercado laboral, nomeadamente dirixido ás que nunca tiveron un traballo remunerado.

E tamén que decrete a Xunta, respecto da publicidade comercial, a prohibición da utilización de imaxes ou mensaxes sexistas lesivas para o dereito das mulleres e para a súa imaxe digna e non cousificada. Vostedes son os conservadores, nomeadamente coñecidos por defender este tipo de valores. Practíquenos; que non teñan que dicir que vímo-los marxistas, leninistas, tardomarxistas, hegelistas a ter que recordarlles a vostedes cáles son os valores que defenden da dignidade do ser humano e da dignidade da muller. Non abunda con tira-la pucha diante dunha señora se despois resulta que se fan as prácticas que existen nesta sociedade, que vostedes asumen perfectamente, porque non as combaten. Se queren combatelas fagan estas cousas.

E respecto da galeguización, hai cousas no idioma que son absolutamente fundamentais, pero voume limitar -para remata-la miña intervención de momento, ou esta- a lerlles unha iniciativa que vostedes xa verán despois se está en clave de humor, en serio, de caricatura en plan de Castelao ou en plan Cebreiro ou en plan Bagaría -que non era galego, pero era excelente- ou se, en todo caso, foi suscitada e provocada por algo que vostedes mesmo mencionaron e por algo que vostedes están por aí poñendo en papeis, e di: “Xa que o 96% da poboación galega entende o galego e o 90% fala a lingua galega” -segundo consta na na páxina 151 do informe lido polo presidente da Xunta na sesión do debate sobre o estado da Autonomía; é dicir, onte pola mañá-, “o Parlamento de Galicia insta encarecidamente a Xunta de Galicia e a tódolos membros do seu Goberno a formaren parte desta maioría esmagadora, facendo uso normal e xeneralizado da lingua e da maioría natural para non ter que se consti-

tuíren en minoría lingüística de dificultoso recoñecemento internacional”.

Máis nada de momento e moitas gracias por atuarme.

**O señor PRESIDENTE:** Gracias, señor deputado.

Ten a palabra o señor Cortizo Nieto polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

**O señor CORTIZO NIETO:** Señor presidente, señorías, o Grupo dos Socialistas de Galicia presenta 45 propostas de resolución. Pódense entender, con toda claridade, como un intento de sustenta-las teses sostidas no debate de onte sobre a situación de Galicia. Desde logo, non as presentamos tampouco como a alternativa, aínda que sexan alternativas que podían dar resposta ó inquérito que facía onte o conselleiro da Presidencia na súa función de portavoz. En todo caso, non se debe desvirtuar este debate, aínda que as propostas sexan, efectivamente, alternativas das políticas seguidas ata o momento.

En primeiro lugar, eu quería facer referencia a algo que xa dixeran onte en relación coa miña convicción e a convicción do meu grupo de que a acción do Goberno non debe bascular entre dúas opcións no extremo dun movemento pendular, non debe ir dunha posición de intervencionismo total, que ninguén sostén hoxe para ningún sistema económico ou productivo, pero tampouco debe esvarar cara a unha acción de goberno que eu diría que é de desentendemento se se propón desde unha posición de absoluto neoliberalismo e, polo tanto, de confianza total nas regras de mercado como reguladoras de todo e de tódolos factores que condicionan a vida política e a vida económica e social dun país.

Eu estou absolutamente convencido de que entre esas dúas posturas hai unha función para calquera goberno hoxe en día que cómpre reclamarlle e que eu creo que o Goberno actual aínda non foi quen de asumir. E é a función de poñer en marcha políticas e de levar a cabo actuacións políticas que sexan quen de crear un marco de condicións obxectivas que favorezan a modernización do país, favorecendo, ó mesmo tempo, o dinamismo dos sectores productivos, favorecendo a mellora do nivel de vida das persoas no ámbi-

to puramente económico, pero tamén na protección social que moitos sectores, por razóns diversas, necesitan que sexa exercido desde a Administración pública.

O primeiro instrumento que un Goberno ten para levar a cabo esa función, para conseguir levar a cabo ese marco de condicións obxectivas, son os presupostos. Por iso, presentamos unha proposta de resolución con carácter xenérico, pero que formula a necesidade de ter claros uns determinados criterios para priorizar as actuacións e, polo tanto, para deseñalos presupostos dunha determinada maneira. Nesa liña, presentamos -insisto- unha proposta de resolución xenérica que establece uns criterios mínimos que deberían sela base da priorización das actuacións que se financiasen cos próximos presupostos, é dicir, cos presupostos de 1997. Porque nin sequera estamos en condicións de esperar por alternativas programáticas que serán substanciadas noutro proceso electoral. Se hamos de crer na palabra do presidente da Xunta, aínda nos resta un ano de lexislatura e, polo tanto, un ano de traballo e moitas cousas ou, se se quere, moito tempo no que hai que facer moitas cousas, porque non está o país como para perde-lo tempo.

E presentamos nese liña o criterio do crecemento do investimento productivo como fundamental para que a dinamización dos sectores productivos teña posibilidades de ser un feito real. E, por suposto, destinámola parte fundamental do investimento productivo ás infraestruturas, porque malia que se ten dito moitas veces neste Parlamento que a primeira lexislatura foi a lexislatura das infraestruturas, o feito é que xa estamos rematando a segunda e as infraestruturas, desde logo, non están ó nivel que un país necesita se quere ter condicións para desenvolverse ata onde parece ser que todos desexamos.

Presentamos tamén o criterio de racionalización da organización da Xunta de Galicia, do control do gasto e da decisión dos investimentos. É moi chamativa a descoordinación entre os distintos departamentos da Xunta en canto ó gasto público e, polo tanto, en canto ós obxectivos que se marcan e, polo tanto, ás veces en canto a accións descoordinadas e a investimentos absolutamente descoordinados que teñen un resultado moito menor desde o punto de vista da eficacia e da eficiencia dos recursos do que debería ser. Por exem-

plo, a Consellería de Industria e a Consellería de Economía e Facenda deberían ser obxecto dalgún tipo de axuste, na medida en que non parece razoable que a Consellería que debe dinamizar ou que debe levar a cabo unha política industrial activa ó mesmo tempo non teña instrumentos de planificación económica que, sen embargo, están noutra Consellería. Non aposto eu polo cambio de instrumentos dunha consellería a outra, senón simplemente por que, polo menos, se coordinen para que os esforzos que, á fin e o cabo se fan co diñeiro de todos, non resulten tan improductivos como levan resultando desde hai moito tempo.

Medidas e criterios nos presupostos que atinxan ó tema do emprego. Nestes sete anos, a redución do emprego constitúe un dos feitos máis dramáticos. O seu crecemento con relación ó resto do Estado significa un enorme paso atrás, mírese desde onde se mire. Polo tanto, seriedade e rigor nas medidas que afecten a temas de emprego e, por suposto, ó seu impulso. Non basta só con falar, non basta só con instrumentar sobre o papel plans xuvenís ou non xuvenís, senón que o que fai falta é que os recursos nos presupostos aparezan avalando actuacións concretas con obxectivos perfectamente deseñados e, polo tanto, que, ó final, sexamos quen de crea-lo emprego neto que garanta unha situación moi distinta á actual. Efectivamente, estas medidas deben ir en relación coas actuacións que poidan aproveitar os recursos naturais deste país, as súas potencialidades, para que dean pé ó nacemento de novas empresas que constitúan ese tecido empresarial e ese tecido industrial que non existe, e non só non existe na medida en que debера, senón que sofre, no que hai un esmorecemento dificilmente aceptable. Por suposto, que a creación de empresas implica tamén que haxa medidas que garantan ou que, polo menos, fomenten a súa competitividade e as das existentes, por suposto que si; medidas que melloren a formación dos traballadores, a formación continuada ou a formación dos mozos que aspiran a entrar no mercado laboral, polo tanto, a formación profesional e a formación ocupacional en serio. E en serio significa con apoio presupostario e con medidas concretas. A investigación e o desenvolvemento e, en definitiva, a capacidade e os recursos necesarios para ser quen de crear un sistema de investigación, ciencia e industria é algo que levan desatendido nos últimos sete anos de forma moi notoria.

O criterio da cobertura do impacto social dos sectores en crise. Non se pode esquecer que os sectores en crise son algo persoal, pero os sectores en crise significan traballadores que pasan por difíciles situacións. Ben sei que a cobertura en sentido absoluto do impacto social ou a protección social dos traballadores dos sectores en crise non é competencia, en termos absolutos, da Comunidade Autónoma, pero si é posible instrumentar políticas de protección social, na medida das nosas posibilidades, que o minimizen, porque nunca conseguirán evita-lo impacto que a crise pode supoñer para moitas, en definitiva, persoas deste país.

E en relación cos sectores e coas empresas, a busca de novas alternativas de comercialización e o apoio, polo tanto, a plans concretos, o apoio financeiro, fundamentalmente ó comercio exterior, non só á comercialización interna, constituirían outro dos criterios, dos mínimos criterios, que nós cremos que deben ter reflexo nos próximos presupostos, só pena de que todo isto non sexa máis que fume de carozo.

E en relación cos presupostos e en relación, polo tanto, cos recursos que esta Comunidade Autónoma vai ter no futuro, o meu grupo presentou onte o seu desacordo co sistema de financiamento aprobado. Desacordo que parte da convicción de que este sistema de financiamento supón un atranco para o noso desenvolvemento, e supón un atranco porque nos vai situar en condicións relativas moi difíciles e en condicións comparativas con outras partes do Estado, con outras comunidades autónomas, de inferioridade. Porque vai supoñer menos recursos adicionais dos que van recibir outras comunidades autónomas e porque nos vai dar un menor grao de liberdade, na medida en que significa un menor grao de autonomía financeira en comparación con outras comunidades.

Na medida en que consideramos que o sistema de financiamento é un sistema insolidario, na medida en que consideramos que o sistema de financiamento é un sistema non equitativo e na medida en que a equidade e a solidariedade son preceptos constitucionais e, polo tanto, obrigados para calquera sistema de financiamento autonómico, o meu grupo propón que este Parlamento inste a Xunta á presentación dun recurso de inconstitucionalidade contra a cesión do 30% do IRPF como elemento nuclear básico do novo

sistema de financiamento. Son dúas propostas de resolución que intentan fixar criterios para a priorización de actuacións políticas nos presupostos e que propoñen a defensa do interese de Galicia no sentido da globalidade dos recursos dos que este país vai dispoñer no futuro.

Hai, logo, un grupo de propostas de resolución referidas ás infraestructuras. Xa dixen antes que os presupostos da Comunidade Autónoma deberían facerse co criterio das infraestructuras do logro, das necesarias infraestructuras. Non é verdade que este país teña acadado o nivel de infraestructuras necesarias por máis que, para efectos propagandísticos, se nos diga que a primeira lexislatura foi a das infraestructuras. Hai déficits importantísimos no terreo das infraestructuras -recoñecidos pola propia Xunta de Galicia en documentos oficiais da Consellería de Industria- que sinalan ese déficit ou eses déficits, precisamente, como os elementos ou os atrancos estruturais básicos para que o tecido industrial deste país, non só non arranque, senón que, insisto, diminúa notablemente. E cando diminúe o tecido diminúen moitas outras cuestións.

Especificanse logo infraestructuras -non as vou relatar- de vías de comunicación, de portos, de ferrocarril, de vivenda -na medida en que se considera unha infraestructura de carácter social-, etc.

No terreo da educación propoñemos tamén un grupo de propostas de resolución, algunha xenérica, en relación co capital humano e con necesidades dun *stock* de capital humano cualificado á altura das necesidades. Polo tanto, partindo da consideración de que hai que dotar este país de tódolos instrumentos necesarios para a súa modernización e para a competitividade dos seus sectores productivos e partindo da consideración tamén de que o capital humano é unha das claves fundamentais, propoñémo-lo incremento substancial do esforzo nas dotacións do ensino -basicamente do ensino público, por suposto-, co fin de conseguir supera-las carencias que neste eido existen.

Non nos limitamos nas propostas de resolución á xenérica resolución e á boa vontade do incremento do esforzo, non; sinalamos algunhas vías e concretamos algúns destinos. Sinalámo-la vía da utilización da subvención ó preescolar privado, tramo non obrigato-

rio e que desde o ano 1990 é obxecto nos presupostos da Comunidade Autónoma dunha forte subvención; moi discutible, pero, en todo caso, en absoluto prioritario sobre os centros públicos nos tramos obrigatorios, sobre as carencias e as necesidades que hoxe en día teñen os centros públicos nos tramos obrigatorios e, especificamente, nos centros necesarios e nas melloras necesarias que hai que introducir para poñer en marcha o ensino secundario obrigatorio, a famosa tan traída e levada ESO.

A xeneralidade da posta en marcha da ensinanza secundaria obrigatoria non nos debe facer esquecer que determinados esforzos en educación deben ter destinatarios concretos, que se caracterizan -por desgracia para eles- por estar en posesión de dificultades específicas de distintos tipos, pero que se non son axudados desde a Administración pública nunca poderán gozar da tan traída e levada igualdade de oportunidades. Polo tanto, facemos unha proposta de resolución para que os mozos ou os non tan mozos, ou os máis mozos, en situación de dificultades sociais de diverso tipo, teñan os medios económicos necesarios para o seu desenvolvemento integral. Insisto en que as situacións de carácter negativo que gozan os mozos de determinados sectores sociais deste país son de distinto tipo, pero, en todo caso, creo que non debemos esquecer que todos teñen o mesmo dereito e que alguén ten que preocuparse de que o dereito poida ser algo que se chegue a exercer.

En relación co emprego, e dentro do terreo da educación, propoñemos unha proposta de resolución para a elaboración dun plan galego de formación ocupacional e de promoción de emprego que analice, ou partindo da análise obxectiva das demandas, das necesidades dos traballadores en activo, das necesidades das empresas que teñen unha innovación tecnolóxica que non valería de nada se ó mesmo tempo o persoal que nelas traballa non fose adaptado nos seus coñecementos ás novas tecnoloxías, unha definición de obxectivos claros e, polo tanto, unha obtención da eficiencia na aplicación dos recursos, que xa hoxe non son poucos despois da transferencia do Plan FIP e demais.

Na Universidade apostamos por garanti-lo financiamento para a expansión das universidades e para o seu ordenamento coa existencia dun plan. Apostamos

por que as universidades poidan planifica-lo seu futuro a curto prazo, sabendo co que van contar e non dependendo do que ano tras ano se lles consigne nos presupostos da Comunidade. Non é pensable nin admisible que as universidades poidan deseñar e planificar a función docente do nivel superior sen saber máis alá dun ano vista cáles van se-los recursos con que van poder contar para planificar esa función que, en definitiva, é a formación dos traballadores, polo menos a determinado nivel deste país. Polo tanto, apostamos por un plan de financiamento e apostamos pola constitución dun fondo que garanta o pago da débeda que supuxo o incumprimento do anterior Plan de financiamento, que supera, como de todos é sabido, os 10.000 millóns de pesetas. O fondo é só para a recuperación da débeda, non para o Plan de financiamento; o Plan de financiamento vai bastante máis alá.

Elaboramos outra proposta de resolución en relación coa investigación e o desenvolvemento, coherentes co que onte sostivemos sobre a carencia dunha política efectiva de I+D, e dicimos que dunha vez a Xunta tome en serio as leis que fai. A Xunta non quixo tomar en serio a Lei do ano 1989, que formulaba a elaboración dun plan de investigación e desenvolvemento tecnolóxico. É moito dicir que unha lei que está aprobada por un parlamento non é a súa lei e que, polo tanto, non a desenvolve. Ben, a min paréceme que non é admisible, pero fíxoo. Logo botou tres anos para modificar esa lei, e a verdade é que non de maneira moi substancial. En todo caso, fixo a súa lei. Pero é que tres anos despois de face-la súa lei segue sen poñer en marcha o plan, segue sen elaboralo plan. En definitiva, botou sete anos para constituír unha comisión. Pois, o que di o meu grupo nesta proposta de resolución é que se elabore o plan. En todo caso, non sei qué terá máis forza, se a obriga legal que vos tedes se deron a si mesmos coa elaboración da lei ou esta proposta de resolución. Pero, en fin, creo que sería absolutamente innecesaria se gozasemos dese plan, como era a súa obriga, porque o tiñan que ter feito.

E propoñemos tamén, por suposto, a constitución do Fondo Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico previsto tamén na lei -pero aquí as obrigas legais non parece que valla para moito- que ese fondo supoña o 1% do produto interior bruto galego. En todo caso, a verdade é que esta-

riamos dispostos a transacciona-la contía. Igual nos daría que fose o 1 có 0,8 có 1,5; o caso é que se constitúa o fondo e que se faga o plan, que se coordinen os esforzos, que se planifique a investigación e que se planifique en función duns obxectivos que son obvios, pero que neste país non se están acadando por falta da súa propia definición.

Por suposto, formulamos tamén unha proposta de resolución que lle devolva á Universidade de Vigo o que os cidadáns damos a través dos impostos para financiar-lo ensino público e, en concreto, o ensino superior; e, polo tanto, propoñemos que se anule o convenio coa Fundación San Rosendo e se lle dean os nosos recursos, o que pagamos todos, a quen son e detentan o servizo público do ensino superior e non a institucións privadas, máis ou menos amigas.

Na sanidade e na política de protección social formulamos que a ver se, dunha vez por todas, este país é quen de poñer en marcha o modelo de atención primaria. A ver se, dunha vez por todas, somos capaces de comezar a superar esa cota do 20% de poboación atendida pola atención primaria na que estamos estancados desde o ano 1990. A verdade é que eu cre que maior crítica ou maior dureza para a política sanitaria que dicir que desde o ano 1990 ó ano 1996 non foron quen de aumenta-la porcentaxe de poboación atendida no modelo de atención primaria do 20%, cando España chegou a niveis do 72%, debería ser suficiente para que se lles caese a cara de vergonza. Isto non só porque se necesita acerca-los servizos de saúde, senón porque realmente os presupostos -é verdade- na sanidade pública en Galicia aumentaron moito, pero non se incrementaron na mesma medida os niveis de calidade dos servizos que se prestan, nin neste terreo nin noutros moitos.

Formulamos tamén unha proposta de resolución para que se elabore un Plan de ordenación territorial sanitario de Galicia e unha Lei de ordenación sanitaria. Cremos que os recursos non poden ser utilizados nin destinados a calquera iniciativa que se lle ocorra ó conselleiro que corresponda. Ó primeiro cócese a privatizar servizos, a outro cócese a ocorrer outra cousa, e aquí funcionamos a golpes de intuición, a golpes de preferencias, a golpes de improvisación, e, en todo caso, os recursos desperdiganse en accións inconexas e, desde logo, sen claridade nos obxectivos

e, por suposto, sen ningunha coordinación, porque os recursos non se ordenan e porque non hai un marco legal perfectamente definido que garanta que a súa aplicación vai estar dentro dunhas determinadas variables e dentro duns determinados parámetros.

Formulamos logo outras propostas de resolución entre as que me gustaría -non vou estenderme en todas elas- facer referencia a unha dentro das de protección social.

Nós cremos que tódolos cidadáns, sexa cal sexa a súa condición social e a súa condición de saúde, deben ter dereito a moitas cousas. E deben ter dereito ó traballo non só aqueles que gocen de condicións físicas e psíquicas perfectas. Polo tanto, formulamos que os minusválidos psíquicos, que son unha parte da poboación que sofre polas súas propias deficiencias unha marxinación especial, sexan dotados ou se lles proporcionen as posibilidades de habilitarse profesionalmente na medida en que a súa minusvalía llo permita, e, polo tanto, que teñan centros ocupacionais de ámbito comarcal que lles faciliten a súa formación, a súa habilitación profesional e a súa incorporación ó mundo do traballo. A solidariedade é moito máis necesaria para aqueles que teñen que soportar condicións de inferioridade que, á fin e ó cabo, son froito do azar ou, se se quere, do mal azar.

Por suposto, no terreo da sanidade formulamos unha proposta de resolución en relación co Hospital Clínico de Santiago, e máis que en relación co Hospital, en relación coa eficiencia do gasto, para que o Parlamento inste á Xunta de Galicia á elaboración dunha auditoría externa sobre o proceso seguido nos pagamentos á empresa Huarte e, polo tanto, á posterior depuración, se as houbese, das responsabilidades.

Hai un grupo de iniciativas, de propostas de resolución; mellor dito, dous grupos: un referido á pesca e outro referido á agricultura. Formulamos nestas propostas a dinamización deses sectores, o investimento neses sectores, a atención ás persoas que neles se moven e a existencia de medidas concretas, financeiras e sociais, que signifiquen, por un lado, a consolidación dos postos de traballo, ben sexa -no caso da pesca- na baixura, no litoral, ou na flota que faena en augas internacionais, coa defensa da flota arrastreira en NAFO, coas campañas científicas en caladoiros interna-

cionais, etc., coa mellora e o saneamento das rías, cos plans de saneamento correspondentes para que o substracto que aguant a desa actividade productiva en Galicia teña garantida a súa produtividade.

Por suposto, formulamos no eido da pesca medidas sociais de acompañamento á restructuración do sector. Que a Xunta demande do Goberno do Estado -algunha tamén formulamos deste estilo- xubilacións anticipadas voluntarias para os mariñeiros con determinada idade mínima, e que se reclame tamén a adaptación das normativas sociolaborais para adecualas á especificidade dos traballos dos mariñeiros. Non lles vou falar do que significan os paros biolóxicos, o esgotamento das cotas e cousas polo estilo, pero que, en definitiva, establecen unha dinámica laboral moi distinta á do señor que está na oficina de 9 a 3 tódolos días do ano e ten garantido ese horario. Outros non o teñen, por razóns que non se fan necesaro explicar, e que deberíamos intentar mellorar.

Por suposto, en agricultura formulamos unha proposta de resolución que consiste en instar ó Goberno a negociar co Ministerio de Agricultura para establecer fórmulas que eviten o pago da supertaxa, da multa da pasada campaña de 1995-96 polos gandeiros. Pero, sendo isto inmediato e urxente, tamén é verdade que o problema dos gandeiros non se resolve co pago da supertaxa, senón que se fai necesario reclama-lo aumento de cota e se fai necesario tamén -e esa é outra proposta de resolución- a mellora das explotacións a través da restructuración do sector, a súa adaptación e a súa modernización e, en definitiva, a consolidación dun sector e a consolidación dunhas explotacións en condicións nas que os atrancos que hoxe viven non se volvan producir. Solicitamos un plan especial para a agricultura e o desenvolvemento rural, que se nos anunciou en 1991 e que nós agora formulamos a través doutra proposta de resolución.

Non falta o monte nas propostas de resolución, e formulámo-la elaboración dunha lei marco para o monte galego, na medida en que é un recurso fundamental da nosa agricultura e na medida en que o propio Plan forestal aprobado neste Parlamento prevía a súa elaboración. Reclamámo-la súa elaboración, en definitiva.

Finalmente -e remato xa-, sintetizo algunhas das que faltan. Formulamos propostas de resolución en relación coa dinamización deste Parlamento, que debería ser un sector máis productivo do que é. Formulamos unha proposta de resolución para que o señor presidente da Xunta non se teña que da-lo atracón no debate do estado da Autonomía e se lle facilite a posibilidade -a que sexa, unha vez ó mes ou como se queira- de responder a determinadas preguntas en vivo e en directo, porque logo, cando hai que esperar un ano para o debate do estado da Autonomía, a verdade é que as cousas se acumulan, e na acumulación e no exceso se perde, sen dúbida, claridade.

Solicitamos tamén que axilice a Xunta e, nalgúns casos, se cumpra coa obrigación legal de envia-la información que se require desde este Parlamento. E remato xa con isto, señor presidente, agradecéndolle o exceso...

**O señor PRESIDENTE:** O exceso será da súa señoría.

**O señor CORTIZO NIETO:** O exceso pola miña parte. Formulamos unha proposta de resolución para que a Xunta, na súa política informativa, teña como criterios fundamentais a obxectividade, a imparcialidade e, sobre todo, que recupere o sentido institucional. Nos últimos tempos son frecuentes, son case diarios, os comunicados do Gabinete de Comunicación da Xunta, polo tanto entendo que da propia Xunta, no que, por suposto, con toda a súa lexitimidade, pero tamén é verdade que con moito exceso de agresividade e mal gusto, se vitupera e mesmo se calumnia a persoas ou forzas políticas máis alá do que institucionalmente é recomendable. É posible que haxa un maior grao de permisividade entre os propios políticos ou entre os propios partidos. Pero a Xunta, como institución de tódolos galegos, porque á fin e ó cabo, votémolo ou non, señor Fraga, vostede é o presidente de todos, gústenos máis ou menos, debería procurar que a institución que preside, a Xunta, non contribuíse con comunicados absolutamente impresentables a crispas máis alá do razoable a vida política, e sobre todo a suscitar reaccións violentas ou de falta de convivencia e de intolerancia entre as persoas deste país. Os últimos comunicados da Xunta de Galicia, polo que directamente din e polo que sutilmente inducen, son algo que non se debería repetir e que se debería

moderar. E créame que llo digo, señor Fraga Iribarne, non desde o ánimo de criticar eses comunicados senón de intentar convencelo de que todos, incluso vos-tede, saíremos gañando con ese cambio na política in-formativa da Xunta.

Máis nada. Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor deputa-do.

Ten a palabra o señor González Suárez polo Grupo Parlamentario Popular.

**O señor GONZÁLEZ SUÁREZ:** Señor presi-dente, señorías, señoras e señores deputados, interve-ño en nome do Grupo Parlamentario Popular para ex-poñer á consideración das súas señorías as propostas de resolución do noso grupo, redactadas de conformi-dade co debate de política xeral deste ano 1996, des-pois da xornada de onte.

Xustamente, como consecuencia da intervención do señor presidente da Xunta de Galicia, tanto da súa exposición inicial pola mañá, como das sucesivas in-tervenções de réplica ós señores portavoces da opo-sición pola tarde, redactamos este conxunto de pro-ostas de resolución que agora tentamos defender da forma máis sucinta, co fin de non alongar en demasía un debate que hoxe vai cubri-la súa segunda xornada.

Teño que poñer de manifesto que a propia expre-sión das propostas que presentamos clarifican a súa intencionalidade e a súa xustificación; por iso mesmo entendemos que non debemos abusar en demasía da atención das súas señorías.

Na proposta número 1, solicitamos da Xunta de Galicia que se acade no menor tempo posible a trans-ferencia das competencias en materia de política de emprego do INEM, escolas taller e casas de oficios, tanto nos seus aspectos materiais como humanos.

Na proposta número 2 faise referencia a que se consiga outra transferencia moi importante para Galicia, como é a de materia de portos de xestión es-tatal.

Na número 3 incídese sobre unha cuestión tamén de gran importancia para Galicia, como é a conexión da autovía do Cantábrico coas autovías de Galicia.

Na número 4 instase á Xunta a que propicie as condicións necesarias para o desenvolvemento dos parques eólicos, dada a súa importancia como enerxía limpa alternativa.

Na número 5 instase tamén á Xunta a que realice os traballos precisos para conseguir un aforro enerxé-tico implantando en todo o territorio o gas natural, e que a produción de enerxías renovables nos próxi-mos anos sexan unha realidade, co fin de evitar, de di-minuí-las emisións de anhídrido carbónico que tanto prexudican a capa de ozono; como ocorre coa de xo-fre, sobre todo nas súas variedades sulfurosas.

Na proposta número 6 faise referencia a que a Xunta de Galicia cumpra nos prazos previstos, antes de un ano, a distribución de gas natural nas principais cidades galegas.

A recomendación que o Grupo Popular fai na pro-osta número 7 refírese a impulsar á Xunta de Galicia para que continúe coas obras previstas no Plan de es-tradas, ó igual que coa rede primaria e complementa-ria.

E na número 8 tamén se fai referencia a un tema de gran actualidade, como é a transformación da rede telefónica galega en rede dixital de servizos integra-dos, que tanta importancia ten de cara ás aplicacións informáticas con vistas á nova centuria.

Na proposta de resolución número 9 reiterámo-la reivindicación de ampliación a 2 millóns de toneladas métricas a produción leiteira galega, ó mesmo tempo que facemos unha chamada sobre as sancións impos-tas pola Unión Europea como consecuencia do exceso da cota na última campaña.

Na proposta número 10 reiterámo-la nosa petición, que repetiremos cantas veces sexa necesario, para esi-xir do Goberno central o cumprimento dos acordos sobre a construción das autovías de enlace coa mese-ta.

A número 11 está relacionada coa materia de in-fraestructura ferroviaria, e nela queremos facer finca-

pé no que onte dixo o señor presidente da Xunta respecto da xuntanza bilateral anunciada entre a Xunta de Galicia e o Goberno central, onde se van tratar os problemas ferroviarios galegos.

A número 12 é unha proposta referida a unha cuestión tan importante como é a transferencia de equipos sociais ós concellos, en aplicación do Decreto 129/1996, do 29 de marzo, que desenvolve a Lei galega de servizos sociais.

A número 13 refírese a un tema de tanta importancia e actualidade como é o sistema de avaliación, de prevención e incorporación social do Plan autonómico de drogodependencias.

A número 14 incide nun tema relacionado tamén coas drogodependencias, e fai referencia á extensión e á ampliación da cobertura do programa de prevención do consumo de drogas nas escolas, posto en marcha xa desde o curso 1994/1995 con moito éxito.

A proposta de resolución número 15 refírese á posta en marcha dun programa que integre as actividades preventivas na asistencia sanitaria baseadas na detección precoz dalgunhas enfermidades, especialmente as transmisibles, co fin de reduci-la morbilidade e a mortalidade.

A número 16 refírese a que a Xunta de Galicia leve a cabo as xestións pertinentes ante os concellos para acelerar a implantación dos puntos de atención continuada en toda a Comunidade Autónoma.

Na proposta de resolución número 17 demandamos da Xunta que se habiliten os servizos de inspección. Que se demande para que a Xunta poida habilitar os servizos de inspección e vixilancia pesqueira, e que realicen operacións similares ás que realizan, á súa vez, os servizos do Estado, co fin de colaborar con eles.

Na número 18 instase á Xunta a que demande do Goberno central as xestións necesarias para modificar o Plan sectorial de pesca, co fin de corrixir certas lagoas que aínda existen como, por exemplo, no caso galego, as que afectan ó marisqueo de a pé.

Na número 19 instamos á Xunta, co fin de que solicite a xestión dos fondos IFOP e se leve a cabo de

forma rexionalizada e independente, de tal sorte que unhas comunidades non dependan da execución que realicen as outras.

Na proposta de resolución número 20 instase a que se artellen os mecanismos precisos para que se poida coñecer en cada momento a xestión dos fondos, tanto os do IFOP como os do Goberno central, o mesmo que os que se reserva tanto a propia Administración central como a das comunidades autónomas, co fin de arbitrar algunha reorientación e que non se malogre calquera financiamento.

Na número 21 faise referencia á normativa básica relativa a titulacións menores en materia de ensinanzas marítimo-pesqueiras, e, ó mesmo tempo, que a correspondencia profesional dos títulos académicos de navegación, pesca e transporte marítimo sexan equiparables.

Na número 22 solicítase a creación dun grupo de traballo conxunto para estudar a fórmula máis adecuada para conseguir a mellor coordinación entre ambas dúas administracións, co fin de evitar irregularidades no despacho de buques de pesca.

E na 23 tamén se demanda a creación dun grupo de traballo, co fin de elaborar a proposta española para a redefinición da política común de pesca cara ó ano 2002.

E, xa para rematar, a número 24 reclama da Xunta de Galicia que demande á súa vez, do Goberno central, as xestións oportunas ante a Comisión europea para que a Unión Europea dispoña de normas completas e homoxéneas para todos os estados membros referentes ás condicións sanitarias para a produción e comercialización de produtos do mar, en evitación de episodios tóxicos que xa xurdiron en determinadas ocasións.

Espero que coa lectura das mesmas os grupos parlamentarios poidan valorar estas propostas de resolución, e, á espera da súa votación, solicitámola aprobación delas.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor González Suárez.

De acordo co determinado na reunión da Mesa-Xunta de Portavoces, suspendémo-la sesión ata as sete da tarde.

*Suspéndese a sesión ás seis da tarde e reiníciase a sesión ás sete e corenta minutos da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Señoras e señores deputados, excedido o tempo de suspensión en algo máis de media hora, reiniciámo-la sesión coa última rolda, que é a de posicionamento dos grupos sobre as propostas de resolución.

Ten a palabra o señor Suárez Canal polo Grupo Parlamentario do BNG.

**O señor SUÁREZ CANAL:** Señor presidente, señoras e señores deputados, brevemente, para expoñe-lo posicionamento do noso grupo sobre as propostas de resolución formuladas polos outros grupos parlamentarios.

Respecto das propostas de resolución do Partido Socialista, diremos que votaremos favorablemente practicamente a maioría -despois expresaremos na votación cómo imos agrupalas por bloques-, entendendo que recollen problemas unhas veces coincidentes coas nosas emendas, noutros casos coas nosas propostas de resolución, noutros casos son iniciativas de impulso que corresponden a compromisos adquiridos no seu día polo Goberno galego e non cumpridos, e noutros son iniciativas de impulso que nós entendemos que son positivas.

Tamén imos transaccionar con eles -e iso vainos permiti-lo voto afirmativo- algunhas propostas de resolución que coinciden con algunhas nosas, en concreto a que fai referencia, por exemplo, á supresión da supertaxa na campaña 95-96 e a que non sexa aboada nin polos gandeiros galegos nin, por suposto, tampouco pola Comunidade Autónoma galega; e con base nunha transacción permitirá que nós votemos afirmativamente as propostas do Partido Socialista. Da mesma maneira, estende-lo plan de vivenda a toda Galicia, nos compromisos que tiña o Goberno galego, cunha construción de 45.000 vivendas sociais. Así mesmo, tamén hai outra transacción, que fai referencia a intentar que a atención primaria acadase uns niveis de cobertura do 100%.

En xeral, votaremos afirmativamente o resto das proposicións e estas transaccionadas e, se me permiten un momento, na emenda número 20 solicitarémo-la votación por separado porque no apartado a) imos abstermos, pois entendemos que nós non debemos primar en certa maneira o desmantelamento da flota incentivando as xubilacións dos mariñeiros de xeito anticipado, con redución da idade mínima ós 50 anos. Por iso, solicitarémo-la votación por separado destas dúas; estoume referindo ás emendas do PSOE.

E, por fin, absterémonos nalgunhas ás que vou facer referencia, pois pensamos que é importante -pola argumentación que vou facer- a abstención no caso da 33, porque se pide unha reestructuración do sector lácteo, e nós entendemos que o problema das reestructuracións, se non se precisa o contido das mesmas, pode dar lugar non precisamente a unha incentivación da produción, que é o que nós pensamos que se debe facer neste país, e, en todo caso, a que esta reestructuración en ningún caso pode eliminar produtores e reduci-la capacidade productiva dun sector básico para a nosa economía.

Neste sentido, como non hai unha precisión clara de qué tipo de reestructuración se está a formular, imonos abster así mesmo nalgunhas outras, que son, en certa maneira, declaracións de intencións que, ó noso xuízo, non teñen un contido concreto.

Insisto en que no resto, practicamente en todas, votaremos afirmativamente. Desde logo, non votaremos a favor, senón en contra, da emenda número 2, que fai referencia a que a Comunidade formule un recurso de inconstitucionalidade contra a cesión do 30% do IRPF ás comunidades autónomas. Nós o que entendemos é que hai que modifica-lo sistema de financiamento das comunidades autónomas, con base, incluso, nos acordos adoptados neste Parlamento, nunha Comisión que se creou para o efecto, pero en ningún caso pensamos que o feito de que se aumenten competencias e capacidade normativa por parte das comunidades autónomas poida ser cuestionable en si. O que si é cuestionable é o procedemento, cómo se fixo e, incluso, que non se vaia no camiño da autonomía financeira, que non se vaia no camiño de abarcar outras figuras tributarias, que non se vaia no camiño de resolve-lo diferencial histórico e que non se vaia no camiño de ter presente a residenciación tributaria

de sociedades e empresas para ter en conta esas figuras nun deseño de autonomía financeira para as comunidades autónomas. Isto motivará o noso voto negativo á proposta de resolución número 2.

Respecto das propostas do Partido Popular, votaremos afirmativamente a número 1, porque é coincidente en certos aspectos cunha nosa que é máis precisa, e o Partido Popular expresou o compromiso de votar afirmativamente esa nosa. Da mesma maneira, votaremos afirmativamente a número 2. Eles formúlana en termos de continua-la negociación das transferencias dos portos, e nós precisamos -e como van votar afirmativamente a nosa non entendemos que haxa problemas para votar esta tamén- que é toda a competencia sobre tódolos aspectos relacionados cos portos de interese xeral, tal como está formulado na nosa proposta de resolución, que eles van votar afirmativamente.

Hai outra serie de propostas de resolución do Partido Popular que son autenticamente unha evidencia do que é a actividade do Goberno do Partido Popular. En moitos casos son accións de goberno, que terían que estar feitas ou que están en marcha, e que necesitan que o grupo parlamentario, desde o Parlamento de Galicia, reclame accións de goberno ó Goberno galego nese sentido. Nós entendemos que non teñen ningunha virtualidade, máis que nalgúns casos, incluso, servir en certa maneira como cortinas de fume para posibles problemas que poidan aparecer. Así falamos, por exemplo, dos parques eólicos, onde nin sequera están dispostos a aceptar unha transacción que estableza o compromiso de que as empresas que vaian participar na elaboración do instrumental dos parques eólicos teñan residencia fiscal aquí. Non se está disposto a establecer, por exemplo, que o diferencial enerxético desa maior enerxía que imos producir poida beneficia-los usuarios do noso país e, desde logo, nin sequera se adoptou o compromiso de que todo o instrumental se constrúa no noso país. Ante esta perspectiva, desde logo, o que significa o compromiso dos plans eólicos é un brindis ó sol e, en todo caso, que o Goberno parece que ten necesidade do aval do Parlamento para levar accións de goberno que debían de ser habituais e que debían estar xa en marcha.

Da mesma maneira, parécenos absolutamente curioso que se volva falar das autovías e de “que se procure acabar”... A formulación é que soliciten da

Administración central o remate o máis pronto posible das autovías de conexión coa Meseta. Isto o que merecía era un *¡ja, ja, ja!*, porque non hai outra maneira de recibir isto. O ano 1995 era o compromiso para remata-las autovías e vostedes seguen vendéndonos hoxe en día unha froita absolutamente pasada e que cae da árbore por podre, como se vostedes fosen os que abanean a árbore e os responsables de que ese froito caia. Desde logo, o que habería que pedir coas autovías, por un mínimo de dignidade -e dicímolo en serio-, é que ese convenio que asinou no ano 1990 un presidente da Xunta de Galicia e un ministro do Goberno central, cando menos se dea por clausurado definitivamente, porque está claro que non se cumpriu.

O mesmo dicimos do ferrocarril. Pero, imos ver, aquí hai un acordo do Parlamento galego que vostedes teñen que cumprir, e cumprir significa 15.000 millóns de pesetas este ano. Hai que cumprir iso, e non poñer no papel: *jauja*. Que siga a Xunta negociando co Goberno de Madrid. ¿Onde están as cifras nos presupostos do Estado? ¿Onde están as cifras para o ferrocarril? Se seguimos negociando como ata agora, desde logo non levámo-las cousas a ningún sitio, non conseguimos ningún resultado e, estas declaracións de intencións, que son auténticos brindis ó sol, nós, efectivamente, non as podemos votar afirmativamente, porque nos parece unha auténtica tomadura de pelo que se presenten estas propostas de resolución.

Pola contra, votaremos afirmativamente algunhas outras propostas que fan referencia ó tema da drogodependencia, dúas en concreto, a 13 e a 14, porque entendemos que son iniciativas de impulso cara ó Goberno galego, e tamén algunha outra que se transaccionou tendo en conta as propostas doutro grupo da oposición. Así mesmo, algunhas transaccionounas por iniciativa nosa o Partido Popular, eliminando unha terminoloxía que nós entendemos que non é lóxica desde unha nacionalidade histórica como é a nosa, como é que reiteradamente aparece en tódolos documentos da Xunta o termo rexións, rexións, rexións. Xa sabemos que a vostedes os traiciona o subconsciente, pero, desde logo, xa vai sendo hora de que lle chamen ás cousas polo seu nome, e iso foi o que motivou que transaccionasemos co Partido Popular algunhas propostas de resolución. No seu momento,

concretarémo-la numeración, cando se proceda á votación.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Suárez Canal.

Ten a palabra o señor Ventoso Mariño polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

**O señor VENTOSO MARIÑO:** Si, señor presidente.

Señorías, para adianta-la posición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre as propostas de resolución que, en torno a case 150, tiveron que ser analizadas -descontadas as nosas- para posicionarnos. Daquela, polo tanto, cómpre facer desde aquí, mesmamente, só unha reflexión xeral, e logo desde o escano adianta-lo sentido do voto, porque haberá que solicitar bastantes agrupacións dentro da grande complexidade que teñen moitas delas.

Queríamonos referir, con toda claridade, ás propostas de resolución, en primeiro lugar, do Grupo Popular. E temos que dicir, señorías, que quedamos porfundamente decepcionados, porque a meirande parte das propostas do Grupo Popular son propostas que indican un paso atrás, unha rotura do consenso e un abandono das posicións de defensa de Galicia a favor de colaborar e non molesta-lo Goberno amigo de Madrid. É dicir, o Goberno amigo de Madrid cada vez estase a converter máis no maestro de Madrid ó que non se lle pode ir con recados porque poden pensar que non se entende ben a lección.

Señorías, os socialistas non podemos aceptar na proposta presentada polo Partido Popular que a continuación da autovía do Cantábrico non garanta a chegada a Ferrol, porque é tanto como desde Galicia face-lo traballo que teñen que facer outras instancias e permitirlle unha desculpa *a priori* que o Grupo Parlamentario dos Socialistas non pode aceptar de ningunha maneira. Parécenos pouco congruente cos discursos que desde aquí, de xeito reiterado, presentan distintos membros representantes da Xunta de Galicia a prol da defensa desa comarca de Galicia tan afectada pola diminución da oferta laboral. Polo tanto, de ningunha maneira podemos sumarnos á postura

do PP, que na práctica deixaría a Ferrol, co apoio de tódolos grupos parlamentarios, fóra das autovías.

Tamén temos que dicir, señorías, que non puídemos sumarnos á oferta que nos facía o Partido Popular para acabar, dentro dos prazos previstos, o gas en 1997, porque ata agora o que nós sabíamos é que os prazos previstos eran en 1995. Polo tanto, se a previsión se incumpre, o que non pode, por encima, é pedírselle ós grupos parlamentarios que colaboren no mantemento dun eufemismo. Nós estabamos dispostos a que se dixese que remate en 1997, pero de ningunha maneira que iso é de acordo cos prazos previstos, porque ese é un incumprimento claro -un máis-deste Goberno.

Así mesmo, tampouco podemos aceptar aquelas iniciativas que van a favor de que a Xunta continúe o Plan de estradas. ¿Pero é que alguén pon en cuestión que o Plan de estradas da Xunta de Galicia vai continuar? A nós deixounos preocupados, porque se o grupo Parlamentario do Partido Popular pon en cuestión que vaia continua-lo Plan de estradas, é tanto como poñer en cuestión que a política de infraestruturas da Xunta de Galicia vai sufrir un parón. Nós eramos partidarios de dicir que se incentive, que se acelere, que se remodele o Plan de estradas actual, pero de ningún xeito eramos capaces, nin somos agora persoas o suficientemente maduras na órbita deste novo pensamento de que a Xunta siga co Plan de estradas, ¡ata aí poderíamos chegar, señorías! Por suposto, que ten a obrigación indiscutible de chegar, e cómpre que o Parlamento lle recorde ónde para e non ónde segue.

En canto ó número 8, do Plan de rede telefónica, a verdade é que non tivemos suficiente clarificación, en definitiva, de se estabamos a falar do cambio da rede autonómica da Xunta, do cambio da rede de cable sen cable da que falaba o señor Pérez Varela, ou ben se era un axuste sobre a necesidade de adiantar tecnoloxías punta ás instalacións dos servizos de empresas públicas de telefonía que existen en Galicia, e aí, polo tanto, o tema non foi suficientemente clarificado.

É obvio, señorías, que nos temos que opoñer á proposta da Xunta de que aceptémo-las sancións que se lle impoñan ós gandeiros galegos pola supertaxa. É, desde logo, lamentable que despois de que o señor presidente da Xunta de Galicia dixo aquí onte que

non habería sancións, e que en todo caso iso sería unha cuestión que habería que discutir, a ministra onte adiantou con claridade que nalgúns casos habería sancións, e hoxe o Partido Popular parece ser que ten que demostra-la súa sintonía co Goberno amigo e engade tamén que as sancións se teñen que pagar. Obviamente, non nos parece nin congruente nin oportuno nin politicamente positivo que unha resolución do Parlamento galego lle adiante unha ameaza ós labregos e ós gandeiros deste país, que tantos problemas teñen, e a prioridade deles supoño que non será recordarlle que existe un Código penal e un Código civil.

A 10, señorías, é a máis lamentable de todas elas, porque supón un paso cara a atrás no tema das autovías. Desde aquí temos que denunciar, lamentablemente, con desilusión non exenta dun pesimismo derivado de que pouco se pode esperar dun Goberno refén de cuestións externas ó seu propio ámbito de actuación, que nas autovías se diga que se rematarán cando se poida. *¡Tarde me lo fiais!* ¡Por suposto que se acabarán cando se poida! O mesmo se dixo no plan Redia e, ó final, rematou vinte anos máis tarde. Pero con esta posición o Grupo Popular rompe tódolos procesos de consenso que nesta Cámara se aprobaron nos últimos anos. E queremos-los socialistas deixar claro que o Partido Popular rompe de xeito unilateral o consenso sobre as autovías e que queda sen razón ningunha para seguir mantendo aquel discurso demagóxico de acusarnos ós socialistas de que votabamos en contra delas, cando en 1990 o único que quixemos era defender criterios de racionalidade porque era imposible rematalas en 1993. O Partido Popular, que en 1990 ameazou con quitar Galicia á rúa se non remataban en 1993, en 1997 dinos que rematarán cando se poida, e solicítalles ós grupos da Cámara que esteamos de acordo con esa lamentable capitulación intolerable, coas teses defensivas dunha dereita que, coma sempre, propónse arrinconar a Galicia no último lugar do desenvolvemento.

Señorías, imos rematando. Pasamos á 11, ó aleluia, ó Plan do ferrocarril, ó Goberno amigo. Eu non sei se o falar de Goberno amigo, señorías, estamos substituíndo as relacións obxectivas que regulan as relacións administrativas entre instancias democraticamente elixidas nun país desenvolto e rexido pola Constitución, ou ben volvemos recorda-la triste e lon-

ga historia de “dime quien tienes de amigo en el ministerio y te dire hasta dónde puedes llegar en su jerarquía”.

A postura do ferrocarril é, lamentablemente, un novo cambio, un novo xiro ós que estamos habituados xa de xeito cotián dentro deste Partido Popular, que acusa ós socialistas de que non somos autonomistas porque somos internacionalistas, ou ben que considera que o ano pasado todo este país se tiña que poñer en marcha porque se non se obxectaba a cota do fletán era un insulto á nosa terra, pero este ano cala á xente e oculta que se nos deu a mesma cota. A Xunta di: “Si ya venía de otros años, ¿por que se van ustedes a molestar?”

No tema do ferrocarril, a pesar da oferta de consenso que este deputado lle fixo ó portavoz do Grupo Popular na Comisión, dicíndolle que estabamos dispostos a consensuar un plan de ferrocarril sen poñer cifras -e que me minta e que me desmintas o portavoz do Grupo Popular-, cando este deputado lle dixo: “nós estamos dispostos a consensuar un plan de ferrocarril sen cifras, para que vexan vostedes que queremos que exista unha marxe de manobra”, o Partido Popular esixiu que levase un compromiso nido de 15.000 millóns de pesetas, e agora este ano dísenos: “A ver si atienden un poco el tema del ferrocarril”. Señorías, iso non é serio. Señorías, iso non é memoria histórica, iso é amnesia colectiva. E, polo tanto, nesas cuestións, señorías, que vostedes provocaron adiantando a necesidade de axita-la Comunidade galega suxerindo que estaban dispostos a saír á rúa en defensa do ferrocarril, non poden chegar a esta Cámara dicíndonos agora que é suficiente que cando falen de ferrocarril algún alto cargo mire para Galicia a ver como están as vías. As vías están podres, e nós queremos remodelalas.

Gracias.

**O señor PRESIDENTE:** Gracias, señor deputado.

Ten a palabra o señor González Suárez, polo Grupo Parlamentario Popular.

**O señor GONZÁLEZ SUÁREZ:** Señor presidente, señorías, resulta evidente que nós non imos apoiar cos nosos votos aquelas propostas de resolu-

ción presentadas polos grupos parlamentarios da oposición que non se axusten ou que non sintonicen coas accións programadas, cos plans postos en marcha ou previstos polo Executivo ou que presenten diferente enfoque sobre as cuestións ou os temas tratados no noso programa electoral, co que nos presentamos ás eleccións do ano 1993.

Esta primeira afirmación, como é natural, é unha cuestión de coherencia política. Nun marco parlamentario é evidente que se teñen que establecer regras de xogo entre o Goberno, o grupo maioritario que apoia o Goberno e os grupos parlamentarios da oposición. Neste xogo democrático existen unhas regras de comportamento, dentro dunha visión de liberdade total, de tal sorte que maioría versus minorías corresponde a un equilibrio, a un resultado que ten que reflectir necesariamente cada posicionamento, cada programa, facendo valer ese principio non escrito de maiorías e minorías.

Os grupos da oposición, ó solicitar, ó pedir, ó defender as súas propostas, están a formular democrática e lexítimamente a súa visión política, a súa interpretación partidaria, concordando seguramente co seu programa electoral ou coa súa ideoloxía, traducida na formulación desas peticións. Ó facer esas propostas solicitan a nosa colaboración e pídenos que votemos democraticamente e en liberdade. O resultado desa votación debe reflectirse a través dunha expresión numérica que, á súa vez, representa a tradución do sentir popular que cadaquén ostenta ou representa nese intre. Polo tanto, tan lícito e lexítimo é propoñer, defender, argumentar, como o é facer uso da función de interpretar, asumir ou rexeitar, e todo dentro dun marco de auténtica liberdade democrática. Iso é o que imos facer. O feito de non concordar responde, obviamente, ó que dixemos ó principio: diferencias de programa, de posicionamento político, pero iso non significa ningún deslustre para a oposición e, por suposto, corresponde a unha auténtica decisión democrática que vostedes mesmos poden utilizar, e de feito van utilizar, tal e como anunciaron os propios portavoces nesta tribuna hai un momento.

Por outra parte, o conxunto das propostas de resolución que os grupos parlamentarios da oposición traen á consideración desta Cámara como consecuencia do debate de política xeral de onte, ofrecen, como é

natural, un punto de vista de cada un dos grupos que non ten por qué coincidir co noso. E se, en definitiva, o que se pretende acadar coas propostas son determinadas accións, van ter moi pronto a ocasión, dentro dun ano, de amosalas no seu programa electoral, o cal será xulgado, obviamente, polos electores.

Nós pensamos que unha cousa é predicar e outra ben distinta é dar trigo. As recomendacións ou propostas, todas elas moi respectables, que vostedes suxiren e nós non aceptamos, responden pola nosa parte a moi diversas causas. Por exemplo, porque se pretende impulsar-lo que xa está previsto polo Executivo ou xa se ten en conta nos seus plans e nos seus proxectos, talvez con outra óptica, pero que resulta o máis natural e o máis doado, pois un Goberno, pola súa propia natureza e responsabilidade, ten unha perspectiva ou unha visión máis ampla, global e completa dos problemas, mentres que a oposición só os aborda con parámetros máis limitados; e iso non significa ningún desdouro para a oposición.

Pero é que, ademais, tampouco significa que todo o que fai o Goberno sexa perfecto ou que todo o afronta o Goberno e os demais son acompañantes, como se chegou a dicir en determinada ocasión. O único que sucede é que as responsabilidades do que goberna danlle o dereito a elixir-lo que se lle aconsella ou recomenda. Ese non é un problema de perfección, senón de prudencia, tino, madurez ou reflexión.

Feitas estas primeiras consideracións teño que poñer de manifesto que, lidas atentamente as propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios da oposición, e despois dun amplo debate que tivemos cos portavoces, nós imos votar favorablemente, por ter coincidencia coas nosas mesmas formulacións, as propostas de resolución que poño á consideración do señor presidente, para que na hora de votar se voten independentemente, e que son, repito, do BNG, as propostas números 2, 26, 41, 83, 95, 101, 104, 105, 112, 115 e 118. En dúas delas, a 105 e a 118, cunhas pequenas variacións que se refiren a poñer “outros caladoiros” na 105 ó final, e na 118, cambiar unha expresión que está incorrecta por outra correcta, que é o pool belga e o pool de Amberes, tal e como nos puxemos de acordo os portavoces naquel intre.

Respecto das propostas de resolución do Partido Socialista, anuncio que votaremos favorablemente, tamén por coincidencia con propostas nosas, as que corresponden ós números 21, 38, 43 e 45. Posiblemente, na última, na 45, teñan que facer un cambio que é lóxico. Terán que cambia-la expresión que empregaban por políticas activas do INEM, segundo dixeron os propios portavoces.

Con isto, señor presidente, eu non teño máis nada que engadir, simplemente que se sometan a votación.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor González Suárez.

Imos proceder a votar, en primeiro lugar, as emendas do BNG. Entendo que preguntaremos ós outros grupos cáles se votan separadas. Se o grupo autor das iniciativas solicita algunha separación, que mo indique.

Con respecto ás propias emendas, ...¿Dígame, señor Suárez?

**O señor SUÁREZ CANAL:** Imos ver, señor presidente, solicitamos vota-las nosas propostas de resolución en catro grupos:

Un grupo afectaría á 114, 116 e 113, que son propostas de resolución literais, aprobadas polo PP hai un ano cando había outro Goberno en Madrid. Queremos que se voten por separado: 114, 116 e 113.

En segundo lugar, queremos que se vote por separado a proposta de resolución número 65, que fai referencia a un problema que mobilizou onte a 15.000 labregos do noso país en Madrid, e entendemos que esta Cámara debe pronunciarse separadamente sobre este tema.

**O señor PRESIDENTE:** Señor Suárez, eu agradeceríalle que me diga o número e que non reabramos debate.

**O señor SUÁREZ CANAL:** A número 65.

Outro terceiro bloque que fai referencia a dous problemas senlleiros, un relativo á muller e outro relativo....

**O señor PRESIDENTE:** Por favor, os números.

**O señor GONZÁLEZ SUÁREZ:**.... relativo ó noso idioma, que son a 20 e a 84. O resto, tódalas demais.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Ten a palabra o señor Ventoso Mariño para a separación das propostas de resolución do BNG.

**O señor VENTOSO MARIÑO:** Si, señor presidente, previamente necesitabamos que se nos clarificase sobre a proposta de resolución número 11, porque quedaron de chegar a un consenso e non se nos indicou a posición final. Polo tanto, non sabemos se a número 11 finalmente foi consensuada ou non. Quixeramos unha precisión sobre iso.

**O señor PRESIDENTE:** O Grupo Popular non anunciou nada respecto á 11.

**O señor VENTOSO MARIÑO:** Clarificada esta cuestión, nós solicitamo-la votación separada coas seguintes agrupacións:

A primeira, coas propostas de resolución números 47, 48, 69 e 86. O segundo bloque para votar, se así se nos concede, serían as números 1, 3, 8, 11, 13, 23, 27, 37, 40, 49, 52, 63, 73, 88, 90, 95, 110 e 111. E, no outro, as restantes.

**O señor PRESIDENTE:** Entón imos vota-las propostas segundo os grupos nos que se pediu a segregación, na esperanza de que esta Presidencia non duplique algúns dos números.

Póñense a votación as propostas de resolución do Grupo Parlamentario do BNG números 2, 26, 41, 83, 101, 104, 112 e 115. Sobre a 105 e 118 falouse duns matices, deixámolas, entón, á parte. Repito, 2, 26, 41, 83, 101, 104, 112, e 115. Pódese engadir tamén a 95, pois tamén piden a súa separación o Grupo Socialista e o Grupo Popular (*Interrupcións*). Ben, a 95 á parte. Repito, 2, 26, 41, 83, 101, 104, 112 e 115.

(*Votación*). (*Pausa*).

Efectuada a votación, foron aprobadas por unanimidade.

Na 105 e na 118 falábase dunha pequena modificación, señor Suárez Canal, non sei se está feita a pro-

posta. Vostede pedía a separación. Non é función desta Presidencia, pero anunciouse que se separaban por unha modificación que había que facer no texto. A 105 e a 118.

**O señor SUÁREZ CANAL:** Na 105, no remate da resolución hai que engadi-las palabras “e outros caladoiros”. E na 118, “a Xunta de Galicia demandará do Goberno do Estado as actuacións precisas para...”; engádesse iso. Continúa “o mantemento dos dereitos laborais e de prestacións dos tripulantes galegos en flotas mercantes, en especial as afectadas neste intre polo pool de Amberes”.

**O señor PRESIDENTE:** Está recollido o texto modificado.

Póñense a votación as propostas en resolución 105 e 118.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, foron aprobadas por unanimidade.

Póñense a votación as propostas números 88, 90, 110 e 111.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 39; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas.

Ponse a votación a proposta número 95.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; votos en contra, 2; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta.

Póñense a votación as propostas de resolución números 47, 48, 69 e 86.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 58.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas.

Agradézolle á Cámara e ó Diario de Sesións que entenda que cando a Presidencia di emendas neste acto quere dicir propostas de resolución.

Póñense a votación as propostas de resolución números 113, 114 e 116.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas de resolución.

Ponse a votación a proposta número 65.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta número 65.

Póñense a votación as propostas de resolución números 20 e 84.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas de resolución.

Póñense a votación as propostas de resolución números 1, 3, 8, 11, 13, 23, 27, 37, 40, 49, 52, 63 e 73.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 39; abstencións, 19.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas de resolución.

Póñense a votación o resto das propostas de resolución, que van da 1 á 118, agás a 75, que non foi cualificada, e as que non foron votadas nas anteriores votacións.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas de resolución.

Pasamos agora ás propostas de resolución do Grupo Parlamentario Socialista, que van numeradas da 1 á 45.

¿Solicítase separación para a votación?

¿Señor Suárez Canal?

**O señor SUÁREZ CANAL:** Nós solicitámo-la votación en tres bloques. Por un lado a proposta de resolución número 2, por outro as propostas de resolución números 18, 33 e 39. Na proposta de resolución 20 hai dous puntos, e solicitaríamos por parte do grupo propoñente a votación por separado dos dous puntos, o a) e o b). E por fin, o resto, entendendo que nas propostas de resolución números 6, 9 e 11 hai unhas matizacións, unhas transaccións, que creo que foron aceptadas polo grupo propoñente e que nese caso poderíamos agrupalas co resto.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Pode repeti-los números deste último bloque, por favor?

**O señor SUÁREZ CANAL:** As números 6, 9 e 11.

**O señor PRESIDENTE:** Gracias.

O Grupo Popular anunciara xa a petición de separación da 21, da 38, da 43 e da 45, con algún matiz tamén.

Ponse a votación a proposta de resolución número 2.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 51.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

Póñense a votación as propostas de resolución números 18, 33 e 39.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 39; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas de resolución números 18, 33 e 39.

Solicítase a votación por separado dos dous apartados a) e b) da proposta de resolución número 20. Esta proposta de resolución comprende unha declaración pola que se insta o Goberno e dúas concrecións desta declaración. De resultar aprobados os dous parágrafos a) e b) quedaría aprobada a proposta de resolución tal e como está redactada. De resultar aprobado un só dos puntos, pasaría a ser un punto único.

Ponse a votación o apartado a) -coa declaración da proposición número 20, por suposto; se non, carecería de sentido-.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 39; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o apartado a).

Ponse a votación o apartado b), coa mesma declaración que encabeza a proposta.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o apartado b).

Ó quedar rexeitados os dous apartados queda rexeitada a proposta de resolución.

Póñense a votación as propostas de resolución das que o Grupo Popular solicitou a súa segregación, as propostas números 21, 38 e 43.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, apróbanse por unanimidade.

Con respecto á proposta de resolución número 45 anunciárase unha pequena modificación transaccional -creo que era así-. Se o señor Ventoso, en nome do Grupo Socialista, nolo aclara, os grupos poderán formar criterio á hora de votar.

**O señor VENTOSO MARIÑO:** Basicamente creo recordar que o que se aceptou por este grupo era unha emenda transaccionada co Grupo Popular na que se trocaba o último parágrafo da resolución e a partir de “transferencias” engadíriase: “...a transferencia de políticas activas do INEM.” Paréceme que era así, certamente, como quedaba.

**O señor PRESIDENTE:** É dicir, substituíriase a expresión “...das competencias e os servicios do INEM” por “...de políticas activas do INEM.” O texto definitivo quedaría así: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que solicite do Goberno do Estado a transferencia das políticas activas de emprego do INEM.”

**O señor VENTOSO MARIÑO:** Exactamente, señor presidente. Escúseme se comín a palabra “em-

prego”, pero é que aquí en Galicia é escaso. *(Risos).* Pero aquí tiñámolo escrito.

Gracias.

**O señor PRESIDENTE:** Ponse a votación a proposta de resolución número 45 co texto transaccionado.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, apróbase a proposta de resolución número 45 por unanimidade.

O señor Suárez Canal anunciara a necesidade de introducción dalgún matiz nas propostas de resolución números 6, 9 e 11.

**O señor SUÁREZ CANAL:** Na número 6 o matiz sería que onde pon “...do pago polos gandeiros” engadíriase: “...ou pola Comunidade Autónoma”, e seguiría a frase como está.

Na número 9 di: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a executar un plan de solo residencial que deberá permiti-la iniciación...” Suprimiríámolo-lo que está desde “...residencial...” ata “...que deberá...”

E na número 11, “...para acadalo 100% de cobertura da poboación.”

**O señor PRESIDENTE:** Onde di “...70%” pasaría a dicir “...100%”

**O señor SUÁREZ CANAL:** E eliminaríamos entón a parte final, “...para acadalo 100% de cobertura da poboación.”

**O señor PRESIDENTE:** E suprímese a expresión “...semellante á media de España.”

Pódense poñer a votación entendo que conxuntamente as propostas de resolución números 6, 9 e 11 co texto definitivo transaccionado que se acaba de ler.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas de resolución números 6, 9 e 11.

Podemos pasar xa á votación das propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular sobre as que preguntamos se se solicita votación separada.

**O señor SUÁREZ CANAL:** Imos ver, as números 9 e 10 nun bloque. Noutro bloque, as números 3, 4, 6, 7, 8, 11, 12 e 17. Hai algunhas que están transaccionadas, entre elas paréceme que a número 15 á que se lle engadía ó final unha palabra -paréceme que era “sanitarias”-, pero, en todo caso, a número 15 podería quedar para aclarar esa transacción. E por fin, nun terceiro bloque -ningún dos tres bloques, por suposto, é nacionalista- a 1, 2, 5, 13, 14, 16, 18, 19 e 20.

**O señor PRESIDENTE:** Repito por se oín mal, 1, 2, 13, 14, 19 e 20 e o último bloque.

*(Pide a palabra o señor Ventoso Mariño).*

**O señor PRESIDENTE:** ¿Señor Ventoso?

**O señor VENTOSO MARIÑO:** Si, nós tamén solicitámola agrupación das proposicións en tres grupos si é posible.

Nun bloque as que abranguen a número 4, 6, 7, 8, 9, 10 e 11. Outro coa 2, a 3 e a 14, e noutro o resto.

**O señor PRESIDENTE:** Imos repetirle ó señor Suárez Canal para ver se collín ben os bloques do Bloque.

Un é a 9 e a 10. Outra agrupación sería a 3, 4, 6, 7, 8, 11, 12 e 17.

A 15 queda con esa particularidade da que falaremos, e logo queda a 1, 2, 5, 13, 14, 16, 18, 19 e 20.

**O señor GONZÁLEZ SUÁREZ:** Señor presidente, co seu permiso.

Sobre a proposta de resolución número 16, e sobre algunha máis que citarei logo, díxose por parte dos portavoces dos grupos da oposición que serían aceptadas se engadíamos determinados termos. A 16, concretamente, era así: “O Parlamento insta a Xunta de

Galicia para que faga as xestións oportunas ante os concellos para accelera-la implantación dos PAC en todo o territorio da comunidade” -así era o texto- “previas as oportunas xestións cos concellos”.

**O señor SUÁREZ CANAL:** Señor presidente, eu creo que a transacción quedou da seguinte maneira: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia para accelera-la implantación dos PAC en todo o territorio da comunidade previas as oportunas xestións cos concellos”.

**O señor GONZÁLEZ SUÁREZ:** Exactamente.

Ben, e logo na número 18 trátase de cambia-la palabra “rexións” por “comunidades”. Na número 19 é o mesmo, é dicir, o cambio de “rexións” por “comunidades”. Na número 20, onde di “...de xestións dos fondos”, faltaba poñer “...do IFOP”. E, finalmente, na número 24, que é a última, onde di ó final: “...episodios tóxicos de orixe fitoplanctónica” que se engada “...e se revisen as normas verbo das epizootias que afectan os moluscos bivalvos”. E, polo tanto, suprí-mese o resto da expresión.

**O señor VENTOSO MARIÑO:** Coido, señor presidente, que dentro daquelas resolucións nas que podía chegarse a un consenso con algunhas modificacións estaba, se non recordo mal, a proposta de resolución número 21, na que se solicitaba por parte deste grupo que se engadira, despois de “marítimo-pesqueira”, “...e de mergullo”; e logo, finalmente, onde dicía tamén “pesca”, que se poña “...e de mergullo”. Creo recordar que quedou pendente de transaccionar así.

**O señor PRESIDENTE:** Imos comeza-la votación. Como hai petición de tódolos grupos por separado, crúzanse as agrupacións feitas por cada grupo. Entón, imos votar proposta por proposta agás os casos en que sobre a marcha se poidan agrupar.

Posse a votación a proposta de resolución número 1.

*(Votación). (Pausa).*

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

Ponse a votación a proposta de resolución número 2.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta número 2.

Ponse a votación a proposta número 3.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; abstencións, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a número 3.

Ponse a votación a proposta número 4.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 18; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada e proposta número 4.

Ponse a votación a proposta número 5, procedemos a votar a man alzada.

*(Votación). (Pausa).*

Apróbase por unanimidade.

Ponse a votación a proposta número 6.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 19; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta número 6.

Ponse a votación a proposta número 7.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 19; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta número 7.

Ponse a votación a proposta número 8.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 19; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta número 8.

Ponse a votación a proposta número 9.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta número 9.

Ponse a votación a proposta número 10.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta número 10.

Ponse a votación a proposta número 11.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 19; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta número 11.

Ponse a votación a proposta número 12.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta número 12.

Ponse a votación a proposta número 13.

*(Votación). (Pausa).*

Queda aprobada por unanimidade a proposta número 13.

O resultado da votación é positivo.

Ponse a votación a proposta número 14.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 52; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta número 14.

Ponse a votación a proposta número 17.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta número 17.

Ponse a votación a proposta número 19.

*(Votación). (Pausa).*

Queda aprobada por unanimidade a proposta número 19.

Ponse a votación a proposta número 22.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta número 22.

Ponse a votación a proposta número 23.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta número 23.

Ponse a votación a proposta número 24.

*(Votación). (Pausa).*

Queda aprobada por unanimidade a proposta número 24.

**O señor PRESIDENTE:** Pasamos agora ás propostas sobre as que se anunciou algún tipo de transacción.

En primeiro lugar, a número 15, que di así: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a potencia-los programas que integren as accións preventivas de eficacia probada nas actividades asistenciais”.

¿Había algunha manifestación sobre isto ou ponse así a votación? *(Asentimento).*

Ponse a votación a proposta número 15.

*(Votación). (Pausa).*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 52; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta número 15.

*(Pide a palabra o señor Ventoso Mariño).*

**O señor PRESIDENTE:** ¿Si, señor Ventoso Mariño?

**O señor VENTOSO MARIÑO:** É que nesta proposta número 15, o noso desaxuste respecto da votación foi motivado a que na nosa nota temos que hai que engadirlle, a partir de “asistenciais”, “sanitarias”, porque era precisamente a precisión que lle pedimos ó Partido Popular. Como vostede non a leu, pensamos un pouco que se desautorizaba a transacción. En calquera caso, quixeramos saber se a vontade é que se desautorizase ou se quedou tal como foi acordada; porque nese caso solicitaríamos, obviamente, repetila votación, xa que non tería sentido intentar facer unha transacción e logo votar en contra dela. Polo tanto, o que lle solicito a vostede é que á hora da proposta de resolución número 15 entenda, agás que haxa outra resposta en sentido contrario, que despois de “asistenciais” habería que engadir “sanitarias”.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Si, señor Suárez Canal?

**O señor SUÁREZ CANAL:** É que eu fixen esa formulación, e o Portavoz do Partido Popular afirmou que si. Eu por iso votei afirmativamente. Se se separou para transaccionar era porque se entendía que a transacción se ía aceptar.

**O señor PRESIDENTE:** A Presidencia entende que houbo aquí unha equivocación análoga á que pode haber no momento de emitilo voto e que, polo tanto, calquera grupo, calquera deputado, pode pedir a repetición.

Entón anulámo-la votación relativa á proposta de resolución número 15. Facemos esta rectificación da

transacción feita na reunión de portavoces e ponse a votación a proposta de resolución número 15 co texto que se acaba de anunciar.

Ponse a votación a proposta número 15.

*(Votación). (Pausa).*

Queda aprobada por unanimidade a proposta número 15.

Estamos agora na proposta de resolución número 16, que di: “O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que faga as xestións oportunas ante os concellos para accelera-la implantación dos PAC en todo o territorio da comunidade”.

¿Alguén pedía unha matización?

**O señor SUÁREZ CANAL:** Unha transacción que eu creo que está aceptada polo partido proponente, ou polo grupo proponente, é: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia para accelera-la implantación dos PAC en todo o territorio da comunidade previas as oportunas xestións cos concellos”.

**O señor PRESIDENTE:** Aceptada a emenda transaccional, ponse a votación a proposta de resolución número 16.

*(Votación). (Pausa).*

Queda aprobada por unanimidade a proposta número 16.

A proposta de resolución número 18, sobre o Plan sectorial de pesca di: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado xestións oportunas para modifica-lo Plan sectorial de pesca (PSP) presentado no seu día ante a Comisión Europea co fin de que nel se poidan corrixis-las lagoas existentes de modo que recolla as particularidades de maior interese para as distintas rexións, que no caso de Galicia é a inclusión do marisqueo a pé para as distintas comunidades”.

Corrixido o texto por vía transaccional, ponse a votación a proposta de resolución número 18.

*(Votación). (Pausa).*

Queda aprobada por unanimidade a resolución número 18.

A proposta de resolución número 20 di: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado que se articulen os mecanismos precisos para que se poida coñecer en cada momento a dinámica de xestión dos fondos, tanto do 35% que se reserva á Administración central...” ¿Cal é a transacción?

*(Pronúncianse palabras que non se perciben).*

Agradezo que despois se lles faga chegar ós servizos da Cámara o texto definitivo.

Ponse a votación a proposta de resolución número 20.

*(Votación). (Pausa).*

Queda aprobada por unanimidade a proposta número 20.

Entendo que resta por vota-la número 21, que fala de que se “solicite do Goberno do Estado a publicación máis inmediata posible da normativa básica relativa ás titulacións menores en materia de ensinanzas marítimo-pesqueiras, así como a que se estableza a correspondencia profesional dos títulos académicos, tanto medios como superiores de navegación, pesca, transporte marítimo...” E aí paréceme que se engadía algo.

**O señor VENTOSO MARIÑO:** Ó final quedamos algo enfiañados. Eu entendín que dicían que non. Efectivamente, a transacción, da que se solicita o seu apoio -e que parece que así quedou; polo tanto, solicítámoslle a vostede e ós servizos da Cámara que a recollan- é engadir, a partir de “...materias de ensinanza marítimo pesqueiras” e “...de mergullo”, na terceira liña. Logo, na penúltima, onde di “pesca” engádese “mergullo”.

**O señor PRESIDENTE:** “...navegación, pesca, mergullo e transporte marítimo”.

**O señor VENTOSO MARIÑO:** Si, efectivamente.

**O señor PRESIDENTE:** Entendo que non é necesario le-lo texto.

Ponse a votación a proposta de resolución número 21.

*(Votación). (Pausa).*

Queda aprobada por unanimidade a proposta número 21.

Se a Presidencia non se trabucou, están votadas todas as propostas de resolución. A orde do día está esgotada.

Á Presidencia, antes de levanta-la sesión, só lle queda agradecerlles ás súas señorías a achega feita.

*Levántase a sesión.*